

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**9617** *Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### ÍNDICE

- Preámbulo
- Título preliminar. Disposicións xerais.
- Artigo 1. Obxecto.
- Artigo 2. Obxectivos xerais.
- Artigo 3. Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.
- Artigo 4. Principios.
- Artigo 5. A avaliación na asignación dos recursos públicos.
- Título I. Gobernanza do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.
  - Artigo 6. Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía.
  - Artigo 7. Estratexia Española de Innovación.
  - Artigo 8. Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación.
  - Artigo 9. Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.
  - Artigo 10. Comité Español de Ética da Investigación.
  - Artigo 11. Sistema de Información sobre Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.
- Título II. Recursos humanos dedicados á investigación.
  - Capítulo I. Persoal Investigador ao servizo das universidades públicas, dos organismos públicos de investigación e dos organismos de investigación doutras administracións públicas.
    - Sección 1.<sup>a</sup> Disposicións xerais.
      - Artigo 12. Ámbito de aplicación.
      - Artigo 13. Persoal investigador.
      - Artigo 14. Dereitos do persoal investigador.
      - Artigo 15. Deberes do persoal investigador.
      - Artigo 16. Criterios de selección do persoal investigador.
      - Artigo 17. Mobilidade do persoal investigador.
      - Artigo 18. Autorización para prestar servizos en sociedades mercantís.
      - Artigo 19. Colaboradores científicos e tecnolóxicos.
    - Sección 2.<sup>a</sup> Contratación do persoal investigador de carácter laboral.
      - Artigo 20. Modalidades contractuais.
      - Artigo 21. Contrato de predoutoramento.
      - Artigo 22. Contrato de acceso ao Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.
      - Artigo 23. Contrato de investigador distinguido.

Capítulo II. Especificidades aplicables ao persoal ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.

Sección 1.<sup>a</sup> Persoal investigador ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.

Artigo 24. Ámbito de aplicación.

Artigo 25. Carreira profesional do persoal investigador funcionario.

Artigo 26. Acceso ao emprego público e promoción interna.

Sección 2.<sup>a</sup> Persoal de investigación ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.

Artigo 27. Persoal de investigación.

Artigo 28. Dereitos e deberes do persoal técnico ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.

Artigo 29. Persoal técnico funcionario ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.

Artigo 30. Contratación de persoal técnico laboral para a realización de proxectos específicos de investigación científica e técnica.

Capítulo III. Especificidades aplicables ao persoal docente e investigador ao servizo das universidades públicas.

Artigo 31. Acceso aos corpos docentes universitarios das universidades públicas.

Artigo 32. Dedicación do persoal docente e investigador.

Título III. Impulso da investigación científica e técnica, a innovación, a transferencia do coñecemento, a difusión e a cultura científica, tecnolóxica e innovadora.

Capítulo I. Disposicións xerais.

Artigo 33. Medidas.

Artigo 34. Convenios de colaboración.

Capítulo II. Transferencia e difusión dos resultados da actividade de investigación, desenvolvemento e innovación e cultura científica, tecnolóxica e innovadora.

Artigo 35. Valorización e transferencia do coñecemento.

Artigo 36. Aplicación do dereito privado aos contratos relativos á promoción, xestión e transferencia de resultados da actividade de investigación, desenvolvemento e innovación.

Artigo 37. Difusión en acceso aberto.

Artigo 38. Cultura científica e tecnolóxica.

Capítulo III. Internacionalización do sistema e cooperación para o desenvolvemento.

Artigo 39. Internacionalización do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.

Artigo 40. Cooperación para o desenvolvemento.

Título IV. Fomento e coordinación da investigación científica e técnica na Administración xeral do Estado

Capítulo I. Gobernanza.

Artigo 41. Comisión Delegada do Goberno para Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación.

Artigo 42. Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica.

- Artigo 43. Plan Estatal de Innovación.
- Artigo 44. Eixes prioritarios do Plan Estatal de Innovación.
- Capítulo II. Axentes de financiamento.
- Artigo 45. Axentes de financiamento adscritos ao Ministerio de Ciencia e Innovación.
- Capítulo III. Axentes de execución.
- Artigo 46. Axentes de execución da Administración xeral do Estado.
- Artigo 47. Organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.
- Disposición adicional primeira. Aplicación das disposicións do título II desta lei a outras entidades.
- Disposición adicional segunda. Estatuto do persoal investigador en formación.
- Disposición adicional terceira. Xove empresa innovadora.
- Disposición adicional cuarta. Persoal do Sistema Nacional de Saúde.
- Disposición adicional quinta. Supresión de escalas da Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial e dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.
- Disposición adicional sexta. Escalas dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.
- Disposición adicional sétima. Réxime retributivo das escalas científicas e técnicas dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.
- Disposición adicional oitava. Reorganización dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.
- Disposición adicional novena. Protección de datos de carácter persoal.
- Disposición adicional décima. Informes de avaliación de solicitudes de axudas do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica.
- Disposición adicional décimo primeira. Subvencións e axudas concedidas pola Administración xeral do Estado.
- Disposición adicional décimo segunda. Autorización legal para a creación da Axencia Estatal de Investigación.
- Disposición adicional décimo terceira. Implantación da perspectiva de xénero.
- Disposición adicional décimo cuarta. Outros axentes de execución da Administración xeral do Estado.
- Disposición adicional décimo quinta. Consideración de actividades prioritarias para efectos da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.
- Disposición adicional décimo sexta. Investigadores dos Programas Ramón y Cajal e Miguel Servet.
- Disposición adicional décimo sétima. Mecanismos para facilitar a participación de entidades, persoal ou grupos de investigación españois nos consorcios de infraestruturas de investigación europeas (ERIC).
- Disposición adicional décimo oitava. Seguridade social no contrato de predoutoramento.
- Disposición adicional décimo novena. Compensación económica por obras de carácter intelectual.
- Disposición adicional vixésima. Regulación dos centros de investigación propios das comunidades autónomas con competencia exclusiva.
- Disposición adicional vixésimo primeira. Regulación das entidades de investigación compartidas entre o Estado e as comunidades autónomas.
- Disposición adicional vixésimo segunda. Aplicación do artigo 18 desta lei.
- Disposición adicional vixésimo terceira. Normas comúns aos contratos para a realización de proxectos específicos de investigación científica e técnica.

Disposición adicional vixésimo cuarta. Réxime aplicable aos sistemas de concerto e convenio.

Disposición adicional vixésimo quinta. Promoción interna horizontal ás escalas de profesores de investigación de organismos públicos de investigación e investigadores científicos de organismos públicos de investigación.

Disposición adicional vixésimo sexta. Os centros tecnolóxicos e centros de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito estatal.

Disposición adicional vixésimo sétima. Réxime xurídico do Instituto de Astrofísica de Canarias.

Disposición adicional vixésimo oitava. Programas de axudas á investigación dirixidas ao persoal de investigación.

Disposición transitoria primeira. Órganos subsistentes.

Disposición transitoria segunda. Subsistencia do Plan Nacional de Investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica.

Disposición transitoria terceira. Subsistencia da Estratexia Nacional de Ciencia e Tecnoloxía.

Disposición transitoria cuarta. Programas de axuda á formación do persoal investigador.

Disposición transitoria quinta. Sistemas de avaliación do desempeño e réxime transitorio retributivo das escalas científicas dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.

Disposición transitoria sexta. Subsistencia da Estratexia Estatal de Innovación.

Disposición derogatoria. Derrogación normativa e vixencia de normas.

Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. Modificación da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes de invención e modelos de utilidade.

Disposición derradeira terceira. Modificación da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Disposición derradeira cuarta. Modificación da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Disposición derradeira quinta. Modificación da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposición derradeira sexta. Modificación da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.

Disposición derradeira sétima. Modificación da Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e os produtos sanitarios.

Disposición derradeira oitava. Modificación da Lei 14/2007, do 3 de xullo, de investigación biomédica.

Disposición derradeira novena. Título competencial e carácter de lexislación básica.

Disposición derradeira décima. Desenvolvemento regulamentario.

Disposición derradeira décimo primeira. Entrada en vigor.

## PREÁMBULO

I

A xeración de coñecemento en todos os ámbitos, a súa difusión e a súa aplicación para a obtención dun beneficio social ou económico, son actividades esenciais para o progreso da sociedade española, cuxo desenvolvemento foi clave para a converxencia económica e social de España no ámbito internacional. Este desenvolvemento, propiciado en gran medida pola Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, ten ante si na actualidade o reto da consolidación e internacionalización definitiva da ciencia.

Por outra parte, o sector produtivo español, impóndose a unha inercia histórica, está empezando a desenvolver desde datas recentes unha cultura científica, tecnolóxica e

innovadora que é esencial para a súa competitividade. A economía española debe avanzar cara a un modelo produtivo en que a innovación está destinada a se incorporar definitivamente como unha actividade sistemática de todas as empresas, con independencia do seu sector e tamaño, e na cal os sectores de media e alta tecnoloxía terán un maior protagonismo.

Ambas as condicións, ben como a emerxencia dunha cultura de cooperación entre o sistema público de ciencia e tecnoloxía e o tecido produtivo, da cal España carecía hai uns anos, permiten ao noso país estar nas mellores condicións para lograr unha sociedade e unha economía do coñecemento plenamente cohesionadas. O papel da ciencia para tal fin, ben como a súa difusión e transferencia, resultan elementos imprescindibles da cultura moderna, que quere rexerse pola razón e o pensamento crítico na escolla dos seus obxectivos e na súa toma de decisións.

A Lei 13/1986, do 14 de abril, estableceu a organización básica do Estado en materia de ciencia e tecnoloxía, e definiu un instrumento principal de planificación estratéxica: o Plan Nacional de Investigación Científica e Desenvolvemento Tecnolóxico. De forma máis recente, as comunidades autónomas viñeron desenvolvendo os seus propios instrumentos de organización e planificación da ciencia e a tecnoloxía, ben como de apoio á innovación, de acordo coas súas competencias. Todo isto, xunto a unha crecente asignación de recursos públicos a estas políticas, especialmente significativa nos últimos anos, configurou un Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación robusto e complexo, con capacidades e con retos moi distintos aos de 1986; un sistema que demanda un novo marco legal que propicie a resposta aos importantes desafíos que ten o propio desenvolvemento científico, outorgando novos apoios e mellores instrumentos aos axentes do sistema, para que poidan ser progresivamente máis eficaces e eficientes no exercicio responsable das súas actividades.

En particular, hai cinco situacións que distinguen o actual contexto do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación do que existía no momento de aprobación da mencionada lei.

En primeiro lugar, o desenvolvemento das competencias en materia de investigación científica e técnica e innovación das comunidades autónomas a través dos seus estatutos de autonomía e da aprobación dos seus marcos normativos. Este desenvolvemento deu lugar a verdadeiros sistemas autonómicos de I + D + i con entidade propia, que coexisten co sistema promovido pola Administración xeral do Estado. Este «sistema de sistemas» demanda, en prol dunha maior eficiencia e na procura de sinerxías, o establecemento de novos mecanismos de gobernanza baseados na cooperación e respectando as respectivas competencias.

En segundo lugar, España encóntrase plenamente integrada na Unión Europea. O novo marco legal debe, por tanto, establecer mecanismos eficientes de coordinación e de colaboración entre as administracións públicas e facilitar o protagonismo español na construción do Espazo Europeo de Investigación e do Espazo Europeo de Coñecemento. Neste senso, o Grupo de Análise da Estratexia de Lisboa establece, en particular, as seguintes recomendacións:

a) Un cambio nas políticas, evolucionando cara a políticas abertas, dinámicas e sistemáticas, baseadas nunha mestura eficiente de políticas e instrumentos, adaptadas a diversos escenarios, actores e campos da ciencia e a tecnoloxía e incorporando aspectos multidimensionais.

b) Incorporar novos estilos de gobernanza das políticas do coñecemento, reforzando as capacidades de intelixencia estratéxica, incorporando a experimentación de políticas, dando poder aos axentes de cambio e establecendo incentivos claros dirixidos aos obxectivos de Lisboa.

c) Construír un novo modelo de políticas do coñecemento baseado na configuración dinámica do coñecemento, con combinación de políticas que teñan en conta as especificidades de sectores e actores, que supere as fronteiras administrativas, rexionais e nacionais. É o modelo proposto para construír o Espazo Europeo do Coñecemento cunha perspectiva dinámica, multidimensional e con múltiples actores.

En terceiro lugar, o tamaño alcanzado polo noso sistema, tanto no que fai referencia á contía dos recursos públicos dispoñibles, como á natureza dos instrumentos de financiamento, exige unha transformación profunda do modelo de xestión da Administración xeral do Estado. Trátase de avanzar cara a un novo esquema, a Axencia Estatal de Investigación, máis eficiente e flexible pero igualmente transparente, que garanta un marco estable de financiamento e que permita a incorporación das mellores prácticas internacionais en materia de fomento e avaliación da investigación científica e técnica.

En cuarto lugar, a comunidade científica española, que é hoxe seis veces maior que en 1986, débese dotar dunha carreira científica e técnica predicible, baseada en méritos e socialmente recoñecida, da cal actualmente carece, e o Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación debe incorporar os criterios de máxima mobilidade e apertura que rexen no ámbito científico internacional.

En quinto e último lugar, o modelo produtivo español baseado fundamentalmente na construción e o turismo esgotouse, co que é preciso impulsar un cambio apostando pola investigación e a innovación como medios para conseguir unha economía baseada no coñecemento que permita garantir un crecemento máis equilibrado, diversificado e sustentable.

Estas cinco realidades: desenvolvemento autonómico, crecente dimensión europea, salto cuantitativo e cualitativo nos recursos públicos, consolidación dunha comunidade científica e técnica profesionalizada, competitiva e aberta ao mundo e transición cara a unha economía baseada no coñecemento e a innovación, exixen medidas transformadoras como as establecidas especificamente na presente lei. Esta recoñece, ademais, a diferenza substancial entre a intervención pública que require o fomento da investigación, incluída a investigación científica e técnica que realizan as empresas a través do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica, e a creación dun ambiente favorable á innovación, un reto moito máis transversal, a través do Plan Estatal de Innovación.

O esforzo realizado por España nas dúas últimas décadas por situar a súa ciencia a nivel internacional debe complementarse agora cunha maior énfase na investigación técnica e o desenvolvemento tecnolóxico e na transferencia dos resultados de investigación cara ao tecido produtivo. Non obstante, aínda que necesario, este impulso á chamada valorización do coñecemento non é suficiente para lograr o obxectivo dunha economía máis innovadora; precísase un enfoque máis amplo. A aposta pola innovación é estritamente necesaria para o crecemento e competitividade do noso sistema produtivo. Neste senso, a presente lei recolle tamén outras medidas, como as relativas a unha maior mobilidade dos investigadores entre sector público de I + D e empresas, ou o apoio á creación e consolidación de empresas de base tecnolóxica a través da figura do estatuto de xove empresa innovadora.

De igual maneira, o texto introduce reformas orientadas a corrixir algunhas debilidades do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación que o anterior marco legal non logrou solucionar, en particular, a baixa contribución do sector privado ao financiamento e execución de actividades de I + D + i. Por esta razón, incentiva o patrocinio e mecenado, e o investimento do sector privado en ciencia, tecnoloxía e innovación.

A presente lei incorpora un conxunto de medidas de carácter innovador que perseguen situar a lexislación española en materia de ciencia e tecnoloxía e innovación na vangarda internacional. Entre estas medidas para unha «ciencia do século XXI» destacan a incorporación do enfoque de xénero con carácter transversal; o establecemento de dereitos e deberes do persoal investigador e técnico; o compromiso coa difusión universal do coñecemento, mediante o posicionamento a favor das políticas de acceso aberto á información científica; a incorporación da dimensión ética profesional, plasmada na creación dun comité que aplicará os criterios e directrices internacionalmente aceptados; ou o concepto de cooperación científica e tecnolóxica para o desenvolvemento.

Por último, a lei afonda na vertebración das relacións e no diálogo entre ciencia, tecnoloxía, innovación e sociedade. En particular, recoñece as actividades de divulgación e de cultura científica e tecnolóxica como consubstanciais á carreira investigadora, para mellorar a comprensión e a percepción social sobre cuestións científicas e tecnolóxicas e

a sensibilidade cara á innovación, ben como para promover unha maior participación cidadá neste ámbito.

## II

A lei desenvolve o título competencial contido no artigo 149.1.15.<sup>a</sup> da Constitución española e incorpora normas relativas a outros ámbitos de competencias da Administración xeral do Estado. Considérase o concepto de investigación científica e técnica como equivalente ao de investigación e desenvolvemento, entendido como o traballo creativo realizado de forma sistemática para incrementar o volume de coñecementos, incluídos os relativos ao ser humano, a cultura e a sociedade, o uso deses coñecementos para crear novas aplicacións, a súa transferencia e a súa divulgación.

A lei ten en conta a pluralidade de axentes que conforman hoxe en día o sistema. Xunto ás universidades, organismos públicos de investigación, centros sanitarios e empresas, responsables da maior parte da actividade investigadora, na actualidade teñen un papel moi salientable outros axentes como os centros de investigación adscritos ás comunidades autónomas, á Administración xeral do Estado ou a ambas, como son os centros tecnolóxicos, os parques científicos e tecnolóxicos e as instalacións científico-técnicas singulares. Para este extenso conxunto de axentes a lei establece disposicións de carácter xeral e garante, en todo caso, o principio de neutralidade, polo cal ningún axente debe resultar privilexiado debido á súa adscrición ou natureza xurídica.

Destacan entre os axentes as universidades e os organismos públicos de investigación; a todos eles lles é aplicable a gran maioría das normas contidas nesta lei. No ámbito particular da investigación biomédica, recoñécese o papel clave que desempeñan os centros sanitarios. Ademais, destácase o protagonismo das empresas no ámbito do desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, xa que desempeñan un papel fundamental para transformar a actividade de investigación científica e técnica en melloras da produtividade española e da calidade de vida dos cidadáns. Recoñécese tamén o interese xeral da actividade desenvolvida por organismos de investigación privados como os centros tecnolóxicos e o papel de axentes máis vinculados a favorecer a transferencia tecnolóxica e a cooperación entre os diferentes axentes do sistema como, entre outros, os parques científicos e tecnolóxicos, as plataformas tecnolóxicas e as agrupacións de empresas innovadoras. Tanto estes axentes como aqueles de creación máis recente se ven amplamente afectados pola presente regulación.

## III

O título preliminar establece que o obxecto desta lei é a consolidación dun marco para o fomento da investigación científica e técnica e os seus instrumentos de coordinación xeral cun fin concreto: contribuír ao desenvolvemento económico sustentable e ao benestar social mediante a xeración, difusión e transferencia do coñecemento e a innovación.

A seguir recóllese un amplo catálogo de obxectivos xerais que se perseguen coa creación do novo marco legal, que abranguen todos os aspectos de relevo relacionados co impulso da investigación científica e técnica e a innovación. Así, a I + D + i constitúe o camiño mediante o cal se pretende responder aos grandes retos estratéxicos do Estado en materia económica, conxugando a necesidade de cambio e a sustentabilidade.

O título preliminar define, acto seguido, o Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, con carácter inclusivo. Defínese como un sistema de sistemas que articula o público e o privado e que integra de forma colaborativa no ámbito público o conxunto dos mecanismos, plans e actuacións que poidan ser definidos e implementados, para a promoción e desenvolvemento da I + D + i, tanto polas administracións autonómicas como pola Administración xeral do Estado.

O Sistema, que se rexe por uns principios inspiradores entre os cales se contan os de eficacia, cooperación e calidade, está integrado polo sistema da Administración xeral do Estado e polos das comunidades autónomas e está orientado á promoción, ao desenvolvemento e ao apoio da investigación científica e técnica e á innovación.

O Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación conta na actualidade cunha diversidade de axentes, públicos e privados, de diverso alcance e significación, comprometidos no fomento e desenvolvemento da investigación, desenvolvemento e innovación das ciencias e das tecnoloxías. Caracterízanse desde un punto de vista funcional como axentes de coordinación, de execución e de financiamento.

A variedade de axentes constitúe, en principio, mostra do amplo compromiso existente a favor da I + D + i. Este compromiso, non é, no entanto, por si só, garantía suficiente para que o sistema responda aos desafíos, necesidades e oportunidades que ofrece o século XXI, cunha economía e unha sociedade progresivamente máis globalizadas.

Constitúen, por isto, retos pendentes do sistema os seguintes:

- Un maior e suficiente dimensionamento do sistema e dos seus axentes para responder á escala dos problemas que ten a economía e a sociedade a que debe transferir os seus coñecementos.

- Unha maior internacionalización.

- Unha maior participación e protagonismo da iniciativa privada no conxunto do sistema.

- Unha maior apertura e flexibilidade dos axentes públicos do sistema ao sistema produtivo e á sociedade no seu conxunto.

- Unha maior aposta pola colaboración entre o conxunto dos axentes do Sistema.

- Unha extensión e afondamento da cultura da innovación e da asunción do risco en todas as ordes e escalas do sistema produtivo e do conxunto dos sistemas da sociedade, con especial incidencia no ámbito educativo e formativo.

Nesa dirección débense encamiñar, de forma preferente, os apoios e medidas que as administracións públicas vaian establecer en favor da adecuación e potenciación do sistema.

Por isto, a participación dunha ampla e diversa gama de axentes no Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación require, para unha maior eficacia e eficiencia, o deseño e implementación dunha gobernanza que responda aos seguintes criterios:

- O recoñecemento de todos e cada un dos axentes no papel que desempeña cada cal no marco do Sistema.

- O establecemento dunhas regras de xogo que, ademais de seren operativas, eficaces e eficientes, sexan equitativas, baseadas na igualdade de oportunidades, para o conxunto e para cada un dos axentes.

- A definición e implementación do papel propio do papel das administracións públicas, de cada unha e do seu conxunto.

- A definición e implementación dunha xestión colaborativa do sistema público-privado.

Por último, o título preliminar contén unha significativa referencia á avaliación científica e técnica como mecanismo que debe garantir a transparencia e a obxectividade na asignación dos recursos públicos en materia de investigación científica e técnica.

#### IV

O título I desenvolve as competencias do Estado en materia de coordinación xeral da investigación científica e técnica e innovación e regula a gobernanza do sistema.

A Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía concíbese como o marco de referencia plurianual para alcanzar un conxunto de obxectivos xerais, compartidos pola totalidade das administracións públicas con competencias en materia de fomento da investigación científica e técnica. Con isto, dispónse dun instrumento que servirá de referencia para a elaboración dos plans de investigación científica e técnica das distintas administracións públicas, e para a súa articulación coas políticas de investigación da Unión Europea e de organismos internacionais.



Pola súa parte, a Estratexia Española de Innovación configúrase como o marco de referencia plurianual con que, desde unha concepción multisectorial, se pretende implicar a todos os axentes políticos, sociais e económicos na consecución do obxectivo común de favorecer a innovación e, así, transformar a economía española nunha economía baseada no coñecemento.

Esta estratexia debe atender a cinco eixes de actuación: xeración dun ambiente financeiro proclive á innovación, fomento da innovación desde a demanda pública, proxección internacional, fortalecemento da cooperación territorial e capital humano, colocando a transferencia de coñecemento como elemento transversal que unifica todos os eixes.

A Estratexia Española de Innovación deberá considerar tamén a necesidade de impulsar a contratación pública destinada a fortalecer a demanda de produtos innovadores, tal e como recomenda o Parlamento Europeo na súa Resolución do 3 de febreiro de 2009, tendo en conta a Comunicación da Comisión, do 14 de decembro de 2007, titulada «A contratación precomercial: impulsar a innovación para dar a Europa servizos públicos de alta calidade e sustentables» (COM(2007)0799), ben como o informe do grupo de expertos independentes sobre investigación, desenvolvemento e innovación, titulado «Creación dunha Europa innovadora» (Informe Aho).

A formulación dunha Estratexia Española de Innovación forma parte das previsións incluídas na Estratexia para a economía sustentable, que o Goberno aprobou en decembro de 2009. Así mesmo, a Estratexia Española de Innovación queda englobada dentro do marco deseñado pola Unión Europea na Estratexia Europa 2020, no cal, dentro dunha visión conxunta e un cadro común de obxectivos globais, se persegue alcanzar o 1% sobre o PIB de investimento público e o 2% de investimento privado en I + D + i, facendo que o investimento global dos países en I + D + i chegue ao 3% do seu PIB.

O Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación é o órgano encargado da coordinación xeral do sistema e está formado por representantes do máximo nivel da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas. O Consello estará asesorado polo Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, do cal formarán parte as asociacións empresariais e sindicatos máis representativos e membros destacados da comunidade científica e tecnolóxica.

Por último, o título I crea o Sistema de Información sobre Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, co obxectivo de dispor de información global do conxunto de axentes do sistema para a elaboración e seguimento da Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía, a Estratexia Española de Innovación e os seus plans de desenvolvemento.

## V

O título II céntrase nos recursos humanos dedicados á investigación en universidades públicas, organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado e organismos de investigación doutras administracións públicas.

O capítulo I divídese en dúas seccións: a 1.<sup>a</sup> regula as disposicións xerais aplicables a todo o persoal investigador do seu ámbito de actuación, e a 2.<sup>a</sup> refírese, especificamente, ao persoal investigador que desenvolve o seu labor vinculado cunha relación de carácter laboral.

A sección 1.<sup>a</sup> iníciase cunha definición da actividade investigadora. A seguir recóllese un catálogo de dereitos e deberes específicos do persoal investigador, de acordo co indicado na Recomendación da Comisión do 11 de marzo de 2005 relativa á Carta europea do investigador e ao Código de conduta para a contratación de investigadores, e sen prexuízo daqueles que lles son de aplicación en virtude da relación, funcionarial ou laboral, que os una coa entidade para a cal prestan servizos en función da normativa vixente. Ademais, establécense os criterios de selección do persoal investigador que garantan un desenvolvemento profesional sobre a base do respecto aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

A mobilidade representa un papel fundamental no desenvolvemento profesional do investigador e, por conseguinte, no progreso científico. A súa organización e planificación,

tanto a escala nacional como internacional, constitúe un elemento fundamental en materia de política científica, como o demostran as distintas accións emprendidas polas institucións españolas responsables e polos programas de cooperación internacional e mobilidade de científicos recollidos nos sucesivos Programas Marco da Unión Europea. Esta lei establece o recoñecemento da mobilidade nos procesos de avaliación: por isto, a lei establece a posibilidade de que os investigadores sexan adscritos temporalmente a outros axentes públicos de execución; regúlanse novas situacións de excedencia temporal para aqueles investigadores que se incorporen a outros axentes de natureza pública ou privada, nacionais, internacionais ou estranxeiros; recóllese unha autorización para realizar estadias formativas en centros de recoñecido prestixio; e establécese a posibilidade de autorizar o persoal investigador para prestar servizos a tempo parcial en sociedades mercantís creadas ou participadas polos organismos en que presta os seus servizos.

A sección 2.<sup>a</sup> establece tres modalidades contractuais a que se poden acoller tanto os organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado e os organismos de investigación doutras administracións públicas, como as universidades públicas cando sexan receptoras de fondos cuxo destino inclúa a contratación do persoal investigador. A implantación destas novas modalidades contractuais non suporá incremento orzamentario.

Os investigadores que, dentro dos estudos de doutoramento, realicen tarefas de investigación nun proxecto específico e innovador, poderán ser contratados mediante un contrato de predoutoramento; trátase dun contrato temporal cunha duración de até catro anos ou até seis se se trata de persoas con discapacidade, para o que se establece unha redución do 30% da cota empresarial á Seguridade Social por continxencias comúns.

A consecución da titulación de doutoramento pon fin á etapa de formación do persoal investigador, e a partir dese momento dá comezo a etapa de posdoutoramento, cuxa fase inicial está orientada ao perfeccionamento e especialización profesional do persoal investigador e se desenvolve habitualmente mediante procesos de mobilidade ou mediante a contratación laboral temporal.

O contrato de acceso ao Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación poderá subscribirse cos que se encontren en posesión do título de doutor ou equivalente. Este contrato temporal de até cinco anos terá por obxecto primordial a realización de tarefas de investigación orientadas á obtención dun elevado nivel de perfeccionamento e especialización profesional polo persoal investigador, que conduzan á consolidación da súa experiencia profesional. Implica un considerable avance na supresión da temporalidade do persoal investigador, pois a partir da finalización do segundo ano de contrato, este pode someter a avaliación a actividade investigadora desenvolvida e, de ser superada a avaliación, esta terase en conta como mérito nos procesos selectivos de persoal laboral fixo que sexan convocados polas universidades públicas, organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado e organismos de investigación doutras administracións públicas; ademais, se se tratar de persoal investigador de universidades públicas, terase en conta a avaliación superada para efectos da consideración dos méritos investigadores na avaliación positiva requirida para a contratación como profesor contratado doutor.

Por último, créase o denominado contrato de investigador distinguido, ao cal se poderán acoller investigadores de recoñecido prestixio para realizaren actividades de investigación ou dirixiren equipos humanos, centros de investigación, instalacións e programas científicos e tecnolóxicos singulares de gran relevancia.

O artigo 2.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, permite a aprobación de normas singulares de adecuación do réxime establecido polo Estatuto ás peculiaridades do persoal investigador. Facendo uso desta autorización, o capítulo II regula na súa sección 1.<sup>a</sup> as peculiaridades do réxime do persoal investigador que preste servizo nos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado. Pola súa parte, a sección 2.<sup>a</sup> do capítulo II refírese a determinados aspectos relacionados co persoal de investigación ao servizo deses axentes.

A carreira profesional do persoal investigador funcionario estrutúrase arredor dun novo deseño de escalas científicas, que se reorganizan para homoxeneizar o seu réxime de selección, retributivo e de promoción. Ademais, prevese o establecemento dun sistema obxectivo para avaliar o desempeño do persoal funcionario para os efectos de carreira profesional horizontal, formación, provisión de postos de traballo e percepción de retribucións complementarias.

Os procesos selectivos de acceso ás escalas científicas poderán prever unha quenda de promoción interna para o acceso, ben desde outras escalas científicas ou desde as escalas técnicas, ben desde o contrato laboral fixo ben desde os corpos docentes universitarios de universidades públicas.

Regúlase a participación de estranxeiros nos procesos selectivos de acceso ás escalas científicas e posibilitase a realización das probas pertinentes en idioma inglés para facilitar a participación destes candidatos; o obxectivo é favorecer a mobilidade xeográfica e interinstitucional do persoal asociado ás actividades de I + D e innovación, e atraer talento aos centros españois.

O persoal de investigación ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado está composto polo persoal investigador e o pertencente ás escalas técnicas. Por outro lado, establécese a aplicación da carreira profesional que regule a lei de ordenación da función pública da Administración xeral do Estado ao persoal funcionario pertencente a corpos ou escalas non incluídos no ámbito de aplicación desta lei, cando preste servizos nos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.

A lei recolle un catálogo de dereitos e deberes do persoal técnico ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, sen prexuízo daqueles que lles son de aplicación en virtude da relación funcional ou laboral que os une coa entidade para a cal prestan servizos en función da normativa vixente.

O persoal técnico funcionario ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado agrúpanse arredor de seis escalas. Ademais, prevese a posibilidade de establecer procedementos de promoción interna entre as escalas científicas e as técnicas do mesmo subgrupo de clasificación para facilitar o desenvolvemento da carreira profesional.

O capítulo III establece algunhas especificidades para o persoal investigador pertencente aos corpos docentes universitarios ao servizo das universidades públicas, como a posibilidade para o persoal laboral fixo contratado polas universidades públicas de acordo co artigo 22.4 da presente lei de ser acreditado para profesor titular de universidade, sempre que obteña un informe positivo da súa actividade docente e investigadora de acordo co procedemento que estableza o Goberno, e o establecemento polas universidades públicas da distribución da dedicación do persoal docente e investigador ao seu servizo.

## VI

O título III da lei regula o fomento e a cooperación como elementos para o impulso da investigación científica e técnica, a transferencia dos resultados da actividade investigadora e a innovación como elemento esencial para inducir o cambio no sistema produtivo, ben como a difusión dos resultados e a cultura científica e tecnolóxica.

O capítulo I establece unha lista aberta de medidas que adoptarán os axentes de financiamento, que xiran arredor do fomento da investigación, o desenvolvemento e a innovación, o investimento empresarial nestas actividades mediante fórmulas xurídicas de cooperación, a valorización e transferencia do coñecemento, a transferencia inversa, a difusión dos recursos e resultados, a capacidade de captación de recursos humanos especializados, o apoio á investigación, aos investigadores mozos e ás xoves empresas innovadoras, a inclusión da perspectiva de xénero como categoría transversal, o reforzo do papel innovador das administracións públicas a través do impulso da aplicación de tecnoloxías emerxentes e a promoción das unidades de excelencia, entre outras.

En materia de cooperación entre axentes públicos e privados do sistema, prevese a posibilidade de levar a cabo convenios de colaboración que permitirán a realización

conxunta de proxectos e actuacións de investigación, desenvolvemento e innovación, de creación ou financiamento de centros, de financiamento de proxectos singulares, de formación do persoal, de divulgación, e de uso compartido de inmobles, instalacións e medios materiais.

O capítulo II contén o mandado ás administracións públicas de fomentar a valorización do coñecemento, entendida como a posta en valor do coñecemento obtido mediante o proceso de investigación, con obxecto de que os resultados da investigación promovidos ou xerados por ela se transfiran á sociedade.

Neste contexto inclúese o fomento da transferencia inversa do coñecemento liderada polo sector empresarial en colaboración cos axentes de investigación para o desenvolvemento dos obxectivos de mercado baseados nos ditos resultados.

Canto á promoción, xestión e transferencia de resultados da actividade investigadora, os contratos de sociedade, de colaboración para a valorización e transferencia de resultados, e de prestación de servizos de investigación e de asistencia técnica, estarán suxeitos ao dereito privado.

Unha das novidades da lei é a previsión que establece sobre publicación en acceso aberto, que dispón que todos os investigadores cuxa actividade fose financiada maioritariamente cos orzamentos xerais do Estado están obrigados a publicar en acceso aberto unha versión electrónica dos contidos aceptados para publicación en publicacións de investigación. Para o seu desenvolvemento, encoméndase aos axentes do Sistema o establecemento de repositorios institucionais de acceso aberto.

En materia de cultura científica e tecnolóxica, a lei impón ás administracións públicas o deber de fomentar as actividades conducentes á mellora da cultura científica e tecnolóxica da sociedade, co obxecto de facilitar o acceso da sociedade á ciencia. Ademais, establécese a inclusión de medidas no Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica para favorecer a cultura científica e tecnolóxica.

O capítulo III deste título III incorpora dous artigos relativos ao ámbito internacional: o primeiro trata sobre a internacionalización do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, que se define como un compoñente intrínseco das accións de fomento e coordinación. Prevé a posibilidade de crear centros de investigación no estranxeiro, ademais de promover accións para aumentar a visibilidade internacional e a capacidade de atracción de España no ámbito da investigación e transferencia do coñecemento; o segundo refírese á cooperación científica e tecnolóxica para o desenvolvemento a través do fortalecemento das capacidades humanas e institucionais, especialmente en proxectos con países prioritarios para a cooperación española. As administracións públicas deberán recoñecer nos procesos de avaliación as actividades de cooperación científica e tecnolóxica para o desenvolvemento.

## VII

O título IV contén, no seu capítulo I, a regulación relativa ao fomento e coordinación da investigación científica e técnica no ámbito da Administración xeral do Estado. Para coordinar as actividades en materia de investigación científica e técnica e innovación dos distintos departamentos ministeriais prevese a existencia dun órgano de alto nivel, a Comisión Delegada do Goberno para Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación.

Por outro lado, para levar a cabo o desenvolvemento da programación xeral en materia de investigación científica e técnica na Administración xeral do Estado, créase o Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica, instrumento de planificación plurianual cuxo fin é establecer os obxectivos, as prioridades e a programación das políticas que desenvolverá a Administración xeral do Estado no marco da Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía. Este plan terá a consideración de plan estratéxico de subvencións para os efectos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e será aprobado polo Goberno por proposta do Ministerio de Ciencia e Innovación.

En paralelo, os elementos e instrumentos que se poñen ao servizo do cambio de modelo produtivo planifícanse no Plan Estatal de Innovación, cuxo obxectivo é transformar a economía española nunha economía baseada no coñecemento. Os eixes prioritarios da

actuación estatal incluírán análises e medidas relativas á modernización do ambiente financeiro, o desenvolvemento de mercados innovadores, as persoas, a internacionalización das actividades innovadoras e a cooperación territorial.

O capítulo I tamén sinala que os departamentos ministeriais competentes aprobarán e farán público un plan que detalle a súa política de compra pública innovadora e precomercial.

Aínda que existan outros axentes de financiamento públicos, pertencentes ás comunidades autónomas, á Administración local, ou privados, como fundacións, asociacións, entre outros, no capítulo II recóllese a existencia de dous axentes de financiamento da Administración xeral do Estado como instrumentos para o exercicio das súas políticas de fomento: un de nova creación, a Axencia Estatal de Investigación, e outro, xa existente, o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial. Ambos os instrumentos son fundamentais para mellorar a implementación das políticas e para exercer labores de coordinación cos seus homólogos europeos, aspecto esencial no desenvolvemento do Espazo Europeo de Investigación, e cos de países terceiros. Estes axentes de financiamento levarán a cabo a súa actividade de acordo cos principios de independencia, transparencia, rendición de contas, eficacia e eficiencia na xestión.

O capítulo III está dedicado aos axentes de execución da Administración xeral do Estado, entre os cales se encontran os organismos públicos de investigación: axencia estatal Consello Superior de Investigacións Científica (CSIC), Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial (INTA), Instituto de Saúde Carlos III (ISCIII), Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (IGME), Instituto Español de Oceanografía (IEO), Centro de Investigacións Enerxéticas Ambientais e Tecnolóxicas (CIEMAT), Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria (INIA), e Instituto de Astrofísica de Canarias (IAC).

## VIII

A lei contén un conxunto de disposicións adicionais, que regulan en primeiro lugar a aplicabilidade de certos artigos do título II sobre recursos humanos a varios axentes do sistema.

Tamén se inclúen disposicións que recoñecen como axentes executores outros axentes públicos e privados non directamente adscritos á Administración xeral do Estado, mais imprescindibles na consecución dos obxectivos dos plans estatais de investigación científica e técnica e de innovación, entre os cales destacan as universidades, as empresas, os centros tecnolóxicos, os parques científicos e tecnolóxicos, ben como calquera outro que asuma entre os seus obxectivos os definidos nos sucesivos plans estatais de investigación científica e técnica e de innovación e que participe nas accións que deles deriven.

Outras disposicións introducen os necesarios axustes canto a supresión, creación e réxime retributivo nas escalas dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.

Autorízase o Goberno para aprobar unha reorganización dos organismos públicos de investigación, co fin de adecualos aos obxectivos desta lei en prol dunha maior eficiencia, e para crear a Axencia Estatal de Investigación.

A perspectiva de xénero instáurase como unha categoría transversal na investigación científica e técnica, que debe ser tida en conta en todos os aspectos do proceso para garantir a igualdade efectiva entre homes e mulleres. Ademais, establécense medidas concretas para a igualdade neste ámbito.

Así mesmo, inclúense disposicións que recollen, entre outras cuestións, a regulación dos centros de investigación propios das comunidades autónomas con competencia exclusiva, o réxime aplicable aos sistemas de concerto e convenio, e o réxime xurídico do Instituto de Astrofísica de Canarias.

As disposicións transitorias regulan a subsistencia temporal do Consello Asesor para a Ciencia e a Tecnoloxía, do Consello Xeral da Ciencia e a Tecnoloxía e da Comisión Delegada do Goberno para Política Científica e Tecnolóxica. Decláranse tamén subsistentes o Plan Nacional de Investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica

2008-2011 até a súa finalización, a Estratexia Nacional de Ciencia e Tecnoloxía aprobada na III Conferencia de Presidentes até a súa substitución pola Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía e do Plan Estatal de Innovación.

Establécese un réxime transitorio para a entrada en vigor dos contratos de persoal investigador en formación que prevé esta lei. Así mesmo, establécese un réxime transitorio para a aplicación dos sistemas de avaliación do desempeño nas escalas científicas dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.

A disposición derogatoria prevé a derogación, desde a súa entrada en vigor, de todas as disposicións que se opoñan ao establecido nesta lei.

Outro grupo de disposicións derradeiras modifican determinadas leis como complemento ás disposicións desta lei. Así, modifícanse a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, a Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes de invención e modelos de utilidade, a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, a Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, a Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e os produtos sanitarios, e a Lei 14/2007, do 3 de xullo, de investigación biomédica.

A lei conclúe con tres disposicións derradeiras relativas ao título competencial, desenvolvemento regulamentario e entrada en vigor.

## TÍTULO PRELIMINAR

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei establece o marco para o fomento da investigación científica e técnica e os seus instrumentos de coordinación xeral, co fin de contribuír á xeración, difusión e transferencia do coñecemento para resolver os problemas esenciais da sociedade. O obxecto fundamental é a promoción da investigación, o desenvolvemento experimental e a innovación como elementos sobre os cales se debe asentar o desenvolvemento económico sustentable e o benestar social.

#### Artigo 2. *Obxectivos xerais.*

Os obxectivos xerais desta lei son os seguintes:

a) Fomentar a investigación científica e técnica en todos os ámbitos do coñecemento, como factor esencial para desenvolver a competitividade e a sociedade baseada no coñecemento, mediante a creación dun ambiente económico, social, cultural e institucional favorable ao coñecemento e á innovación.

b) Impulsar a transferencia favorecendo a interrelación dos axentes e propiciando unha eficiente cooperación entre as distintas áreas do coñecemento e a formación de equipos multidisciplinares.

c) Fomentar a innovación en todos os sectores e na sociedade, mediante a creación de contextos económicos e institucionais favorables á innovación que estimulen a produtividade e melloren a competitividade.

d) Contribuír a un desenvolvemento sustentable que posibilite un progreso social harmónico e xusto, sustentado a partir dos grandes retos sociais e económicos a que a ciencia debe dar resposta.

e) Coordinar as políticas de investigación científica e técnica na Administración xeral do Estado e entre as distintas administracións públicas, mediante os instrumentos de planificación que garantan o establecemento de obxectivos e indicadores e de prioridades na asignación de recursos.

f) Potenciar o fortalecemento institucional dos axentes do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación e a colaboración entre eles.

g) Contribuír á formación continua, á cualificación e á potenciación das capacidades do persoal de investigación.

h) Favorecer a internacionalización da investigación científica, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, especialmente no ámbito da Unión Europea.

i) Fomentar a cooperación para o desenvolvemento en materia de investigación científica, desenvolvemento tecnolóxico e innovación, orientada ao progreso social e produtivo, baixo o principio da responsabilidade social das institucións de investigación e innovación.

j) Impulsar a cultura científica, tecnolóxica e innovadora a través da educación, a formación e a divulgación en todos os sectores e no conxunto da sociedade.

k) Promover a inclusión da perspectiva de xénero como categoría transversal na ciencia, a tecnoloxía e a innovación, ben como unha presenza equilibrada de mulleres e homes en todos os ámbitos do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.

l) Promover a participación activa dos cidadáns en materia de investigación, desenvolvemento e innovación, e o recoñecemento social da ciencia a través da formación científica da sociedade e da divulgación científica e tecnolóxica, ben como o recoñecemento da actividade innovadora e empresarial.

m) Fomentar a innovación e investigación aplicada ao desenvolvemento de contornos, produtos, servizos e prestacións que garantan os principios de inclusión, accesibilidade universal, deseño para todos e vida independente en favor das persoas con discapacidade ou en situación de dependencia.

### Artigo 3. *Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.*

1. Para efectos desta lei, enténdese por Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación o conxunto de axentes, públicos e privados, que desenvolven funcións de financiamento, de execución, ou de coordinación nel, ben como o conxunto de relacións, estruturas, medidas e accións que se implementan para promover, desenvolver e apoiar a política de investigación, o desenvolvemento e a innovación en todos os campos da economía e da sociedade.

Este Sistema, que se configura nos termos que se determinan nesta lei, está integrado, no que ao ámbito público se refire, polas políticas públicas desenvolvidas pola Administración xeral de Estado e polas desenvolvidas, no seu propio ámbito, polas comunidades autónomas.

2. Son axentes de coordinación as administracións públicas, ben como as entidades vinculadas ou dependentes destas, cando desenvolvan funcións de disposición metódica ou concerto de medios e recursos para realizaren accións comúns en materia de investigación científica e técnica ou de innovación, co fin de facilitar a información recíproca, a homoxeneidade de actuacións e a acción conxunta dos axentes do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, para obter a integración de accións na globalidade do sistema.

A coordinación xeral das actuacións en materia de investigación científica e técnica levaraa a cabo a Administración xeral do Estado, a través dos instrumentos que establece esta lei.

3. Son axentes de financiamento as administracións públicas, as entidades vinculadas ou dependentes destas e as entidades privadas, cando sufraguen os gastos ou custos das actividades de investigación científica e técnica ou de innovación realizadas por outros axentes, ou fornezan os recursos económicos necesarios para a realización desas actividades.

4. Son axentes de execución as entidades públicas e privadas que realicen ou dean soporte á investigación científica e técnica ou á innovación.

**Artigo 4. Principios.**

1. O Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación réxese polos principios de calidade, coordinación, cooperación, eficacia, eficiencia, competencia, transparencia, internacionalización, avaliación de resultados, igualdade de oportunidades e rendición de contas.

2. O Sistema baséase na colaboración, a coordinación e a cooperación administrativas interinstitucionais dentro do respecto á repartición competencial establecida na Constitución e en cada un dos estatutos de autonomía, e no encaixamento e complementariedade do Sistema co marco comunitario europeo.

**Artigo 5. A avaliación na asignación dos recursos públicos.**

1. A asignación dos recursos públicos no Sistema Español de Ciencia e Tecnoloxía e Innovación efectuarase de acordo cos principios de transparencia e eficiencia, e sobre a base dunha avaliación científica e/ou técnica, en función dos obxectivos concretos que se queiran alcanzar.

2. A avaliación será realizada por órganos específicos (que incluírán avaliadores internacionais, se for o caso) baixo os principios de autonomía, neutralidade e especialización, e partirá da análise dos coñecementos científicos e técnicos dispoñibles e da súa aplicabilidade. Os criterios orientadores desta análise serán públicos, estableceranse en función dos obxectivos perseguidos e da natureza da acción avaliada, e incluírán aspectos científicos, técnicos, sociais, de aplicabilidade industrial, de oportunidade de mercado e de capacidade de transferencia do coñecemento, ou calquera outro considerado estratéxico. En todo caso, respectaranse os preceptos de igualdade de trato recollidos na Directiva europea 2000/78/CE do Consello, do 27 de novembro de 2000, e os principios recollidos na Carta Europea do Investigador e Código de Conduta para a contratación de investigadores (2005/251/CE).

3. Nos procesos en que se utilice o sistema de avaliación polos pares protexerase o anonimato dos avaliadores, ben que a súa identificación quedará reflectida no expediente administrativo a fin de que os interesados poidan exercer os dereitos que teñan recoñecidos.

## TÍTULO I

**Gobernanza do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación****Artigo 6. Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía.**

1. A Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía é o instrumento para alcanzar os obxectivos xerais establecidos nesta lei en materia de investigación científica e técnica, e nela defínense, para un período plurianual:

a) Os principios básicos, ben como os obxectivos xerais e os seus indicadores de seguimento e avaliación de resultados.

b) As prioridades científico-técnicas e sociais xerais e os instrumentos de coordinación que determinarán o esforzo financeiro dos axentes públicos de financiamento do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas en relación coas súas políticas públicas en investigación científica e técnica.

c) Os obxectivos dos plans de investigación científica e técnica da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas.

d) Os mecanismos e criterios de articulación da propia Estratexia coas políticas sectoriais do Goberno, das comunidades autónomas, da Unión Europea e dos organismos internacionais, ben como coa Estratexia Española de Innovación, necesarios para lograr a eficiencia no sistema e evitar redundancias e carencias.



2. O Ministerio de Ciencia e Innovación, en colaboración co Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación, elaborará a Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía, someteraa a informe do propio Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación, do Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, dos órganos de planificación económica da Administración xeral do Estado, da Comisión Delegada do Goberno para Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación e dos órganos que resulten procedentes, e elevaraa ao Goberno para a súa aprobación e posterior remisión ás Cortes Xerais.

*Artigo 7. Estratexia Española de Innovación.*

1. A Estratexia Española de Innovación é o instrumento para alcanzar os obxectivos xerais establecidos nesta lei en materia de innovación, e nela definiranse, para un período plurianual:

- a) Os principios básicos, ben como os obxectivos xerais e os seus indicadores de seguimento e avaliación de resultados.
- b) As prioridades da política de innovación, que determinarán o esforzo financeiro dos axentes públicos de financiamento do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas en relación coas súas políticas públicas de innovación.
- c) Os obxectivos dos plans de innovación da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas.
- d) Os mecanismos e criterios de articulación da propia Estratexia coas políticas sectoriais do Goberno, das comunidades autónomas, da Unión Europea e dos organismos internacionais, ben como coa Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía, necesarios para lograr a eficiencia no sistema e evitar redundancias e carencias.
- e) Os eixes prioritarios, que incluírán a modernización do contexto financeiro, o desenvolvemento de mercados innovadores, as persoas, a internacionalización das actividades innovadoras e a cooperación territorial como base fundamental da innovación.

2. O Ministerio de Ciencia e Innovación, en colaboración co Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación, elaborará a Estratexia Española de Innovación, someteraa a informe do propio Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación, do Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, dos órganos de planificación económica da Administración xeral do Estado, da Comisión Delegada do Goberno para Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación e dos órganos que resulten procedentes, e elevaraa ao Goberno para a súa aprobación e posterior remisión ás Cortes Xerais.

*Artigo 8. Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación.*

1. Créase o Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación como órgano de coordinación xeral da investigación científica e técnica, que queda adscrito ao Ministerio de Ciencia e Innovación.

2. Son funcións do Consello:

- a) Elaborar, en colaboración co Ministerio de Ciencia e Innovación, e emitir informe sobre as propostas de Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía e de Estratexia Española de Innovación, e establecer os mecanismos para a avaliación do seu desenvolvemento.
- b) Coñecer o Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica, o Plan Estatal de Innovación e os correspondentes plans das comunidades autónomas de desenvolvemento da Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía e da Estratexia Española de Innovación, e velar polo máis eficiente uso dos recursos e medios dispoñibles.
- c) Aprobar os criterios de intercambio de información entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, no marco do Sistema de Información sobre Ciencia,

Tecnoloxía e Innovación, respectando sempre o ámbito competencial das distintas Administracións e a normativa sobre confidencialidade e privacidade da información.

Estes criterios estableceranse de acordo cos xeralmente aceptados no ámbito internacional, e a súa determinación garantirá a correcta recolla, tratamento e difusión de datos. Ademais, terase en conta a necesidade de minimizar a carga administrativa que puiden supor para os axentes fornecer a información requirida, polo que se deberá optimizar para estes efectos a utilización da información xa dispoñible en fontes públicas.

Tanto a Administración xeral do Estado como as comunidades autónomas poderán consultar a información procedente deste sistema.

d) Promover accións conxuntas entre comunidades autónomas, ou entre estas e a Administración xeral do Estado, para o desenvolvemento e a execución de programas e proxectos de investigación.

e) Impulsar actuacións de interese común en materia de transferencia do coñecemento e de innovación.

f) Propor, para o seu estudo pola autoridade de xestión, os principios xerais da programación e da distribución territorial das axudas non competitivas en investigación científica e técnica financiadas con fondos da Unión Europea.

g) Emitir os informes e ditames que lle sexan solicitados polo Goberno ou polas comunidades autónomas.

3. Este consello está constituído polos titulares dos departamentos ministeriais que designe o Goberno e os representantes de cada comunidade autónoma competentes nesta materia, e será presidido polo titular do Ministerio de Ciencia e Innovación. Establecerase unha vicepresidencia que corresponderá, con carácter rotatorio e por períodos anuais, aos representantes das comunidades autónomas.

4. A Administración xeral do Estado disporá, en conxunto, dun número de votos igual ao da suma dos votos das comunidades autónomas. Cada comunidade autónoma disporá dun voto, con independencia do número de representantes asistentes.

A aprobación dos asuntos que se recollen nas alíneas a), c) e f) do número 2 deste artigo e no número 5 requirirá maioría de dous terzos dos membros do Consello. De acordo co principio de lealdade financeira, os acordos que afecten de maneira significativa o orzamento das comunidades autónomas deberán contar co voto favorable daquelas que resulten directamente afectadas.

5. O Consello aprobará o seu regulamento de réxime interior.

#### Artigo 9. *Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.*

1. Créase o Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, como órgano de participación da comunidade científica e tecnolóxica e dos axentes económicos e sociais nos asuntos relacionados coa ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

2. As funcións do Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación serán as seguintes:

a) Asesorar o Ministerio de Ciencia e Innovación na elaboración e emitir informe sobre as propostas de Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía e da Estratexia Española de Innovación.

b) Asesorar o Ministerio de Ciencia e Innovación na elaboración e emitir informe sobre as propostas do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e do Plan Estatal de Innovación.

c) Propor por iniciativa propia obxectivos e modificacións para a súa incorporación aos instrumentos indicados nas alíneas a) e b) anteriores, e coñecer o seu desenvolvemento posterior mediante informes anuais.

d) Asesorar os gobernos do Estado e das comunidades autónomas e o Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación no exercicio das súas funcións, e emitir informe sobre os asuntos que estes determinen.

e) Promover a introdución no Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación de mecanismos rigorosos de avaliación que permitan medir a eficacia social dos recursos públicos utilizados.

3. O Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación determinará o número de membros do Consello Asesor, no cal estarán representados membros da comunidade científica e tecnolóxica de recoñecido prestixio internacional, ben como as asociacións empresariais e os sindicatos máis representativos. Ao menos dous terzos dos membros do Consello Asesor deberán pertencer á categoría de membros destacados da comunidade científica, tecnolóxica ou innovadora. Así mesmo, designará os membros e nomeará a persoa titular da Presidencia do Consello Asesor, que deberá ter prestixio recoñecido no ámbito da investigación científica e técnica ou da innovación.

4. O Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación queda adscrito ao Ministerio de Ciencia e Innovación. Mediante real decreto, por proposta do propio Consello Asesor e despois de ser aprobado por unha maioría cualificada dos seus membros, aprobarase o seu regulamento de organización e funcionamento, que responderá aos principios de calidade, independencia e transparencia.

#### Artigo 10. *Comité Español de Ética da Investigación.*

1. Créase o Comité Español de Ética da Investigación, adscrito ao Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación, como órgano colexiado, independente e de carácter consultivo, sobre materias relacionadas coa ética profesional na investigación científica e técnica.

2. Son funcións do Comité Español de Ética da Investigación:

a) Emitir informes, propostas e recomendacións sobre materias relacionadas coa ética profesional na investigación científica e técnica.

b) Establecer os principios xerais para a elaboración de códigos de boas prácticas da investigación científica e técnica, que incluírán a resolución de conflitos de intereses entre as actividades públicas e privadas. Estes códigos serán desenvolvidos polos Comités de Ética da Investigación e polo Comité de Bioética de España.

c) Representar España en foros e organismos supranacionais e internacionais relacionados coa ética da investigación, salvo en materia de bioética, na cal a representación de España corresponderá ao Comité de Bioética de España.

d) Impulsar a creación de comisións de ética vinculadas aos axentes executores do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.

e) Elaborar unha memoria anual de actividades.

f) Calquera outra que lle encomende o Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación ou a normativa de desenvolvemento desta lei.

3. O Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación determinará o número de membros do Comité Español de Ética da Investigación. Estes serán nomeados polo presidente do Consello, coa seguinte distribución: a metade por proposta das comunidades autónomas e a outra metade por proposta da Administración xeral do Estado.

4. Mediante real decreto, por proposta do Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación, aprobarase o seu regulamento de organización e funcionamento, que poderá establecer a constitución de comités especializados dentro del.

5. Os membros do Comité, que deberán ser expertos recoñecidos no ámbito internacional, terán un mandato de catro anos, renovable por unha soa vez, salvo que substitúan outro membro previamente designado antes da expiración do prazo, e neste caso o seu mandato será polo tempo que reste até completar catro anos contados desde o nomeamento do membro orixinario, sen prexuízo da posibilidade de renovación.

6. A renovación dos membros realizarase por metades cada dous anos, salvo a primeira renovación, que se realizará por sorteo.

7. Os membros do Comité cesarán polas causas seguintes:
- expiración do seu mandato;
  - renuncia, que producirá efectos pola mera notificación ao Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación;
  - separación acordada polo Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación, logo de audiencia do interesado, por incapacidade permanente para o exercicio da súa función, incumprimento grave das súas obrigas, incompatibilidade sobrevida ou procesamento por delito doloso. Para estes efectos, o auto de apertura do xuízo oral asimilárase ao auto de procesamento.

8. Os membros do Comité actuarán con independencia das autoridades que os propuxeron ou nomearon, e non poderán pertencer aos órganos de goberno da Administración xeral do Estado, comunidades autónomas ou entidades locais, ás Cortes Xerais ou ás asembleas lexislativas das comunidades autónomas.

#### Artigo 11. *Sistema de Información sobre Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.*

1. Créase, baixo a dependencia do Ministerio de Ciencia e Innovación, o Sistema de Información sobre Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, como instrumento de captación de datos e análise para a elaboración e seguimento da Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía, da Estratexia Española de Innovación, e dos seus plans de desenvolvemento.

2. O Ministerio promoverá o deseño dun sistema de información unificado e homoxéneo logo de acordo do Consello de Política Científica, Tecnolóxica e Innovación. Tanto a Administración xeral do Estado como as comunidades autónomas poderán consultar a información procedente dese sistema.

3. Os axentes do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación cooperarán fornecendo información sobre as súas actuacións en materia de investigación científica e técnica, que se lles solicitará de acordo cos criterios aprobados polo Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación. Estes criterios deberán respectar o ámbito competencial das distintas administracións e a normativa sobre confidencialidade e privacidade da información.

4. O Sistema de Información sobre Ciencia, Tecnoloxía e Innovación articularase cos sistemas das comunidades autónomas, a fin de facilitar a homoxeneidade de datos e indicadores. Tanto a Administración xeral do Estado como as comunidades autónomas poderán consultar a información almacenada en todos estes sistemas.

5. O cumprimento dos criterios e procedementos de intercambio de información poderá ser considerado como requisito para a participación dos axentes obrigados nas convocatorias das administracións públicas.

## TÍTULO II

### Recursos humanos dedicados á investigación

#### CAPÍTULO I

#### **Persoal Investigador ao servizo das universidades públicas, dos organismos públicos de investigación e dos organismos de investigación doutras administracións públicas**

##### *Sección 1.ª Disposicións xerais*

#### Artigo 12. *Ámbito de aplicación.*

As disposicións desta sección serán de aplicación ao persoal investigador que preste os seus servizos nas universidades públicas, nos organismos públicos de investigación da

Administración xeral do Estado e nos organismos de investigación doutras administracións públicas, salvadas as competencias que neses ámbitos teñan as comunidades autónomas e o establecido polo resto da lexislación aplicable.

### Artigo 13. *Persoal investigador.*

1. Para os efectos desta lei, considérase persoal investigador o que, estando en posesión da titulación exixida en cada caso, leva a cabo unha actividade investigadora, entendida como o traballo creativo realizado de forma sistemática para incrementar o volume de coñecementos, incluídos os relativos ao ser humano, á cultura e á sociedade, o uso de eses coñecementos para crear novas aplicacións, a súa transferencia e a súa divulgación.

Será considerado persoal investigador o persoal docente e investigador definido na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, entre cuxas funcións se encontre a de levar a cabo actividades investigadoras.

2. O persoal investigador poderá estar vinculado coa universidade pública ou organismo para o cal preste servizos mediante unha relación suxeita ao dereito administrativo ou ao dereito laboral, e poderá ser funcionario de carreira, funcionario interino ou persoal laboral fixo ou temporal, de acordo co artigo 8 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

3. O persoal investigador funcionario rexerese polo disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, polo disposto nesta lei e, supletoriamente, pola normativa de desenvolvemento de función pública que lle sexa de aplicación.

4. O persoal investigador de carácter laboral rexerese polo disposto nesta lei, no texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, e as súas normas de desenvolvemento, e nas normas convencionais. Así mesmo, rexerese polos preceptos da Lei 7/2007, do 12 de abril, que lle sexan de aplicación.

5. Non obstante, o persoal investigador ao servizo das universidades públicas rexerese polo disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, e na súa normativa de desenvolvemento, no real decreto que aprobe o estatuto do persoal docente e investigador universitario, nos estatutos das universidades, nas disposicións que diten as comunidades autónomas en virtude das súas competencias, na Lei 7/2007, do 12 de abril, no Real decreto legislativo 1/1995.

### Artigo 14. *Dereitos do persoal investigador.*

1. O persoal investigador que preste servizos en universidades públicas, en organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado ou en organismos de investigación doutras administracións públicas terá os seguintes dereitos:

a) A formular iniciativas de investigación, a través dos órganos ou estruturas organizativas correspondentes.

b) A determinar libremente os métodos de resolución de problemas, dentro do marco das prácticas e os principios éticos recoñecidos e da normativa aplicable sobre propiedade intelectual, e tendo en conta as posibles limitacións derivadas das circunstancias da investigación e do contorno, das actividades de supervisión, orientación ou xestión, das limitacións orzamentarias ou das infraestruturas.

c) A ser recoñecido e amparado na autoría ou coautoría dos traballos de carácter científico en que participe.

d) Ao respecto ao principio de igualdade de xénero no desempeño das súas funcións investigadoras, na contratación de persoal e no desenvolvemento da súa carreira profesional.

e) Á plena integración nos equipos de investigación das entidades para as cales presta servizos.

f) A contar cos medios e instalacións adecuados para o desenvolvemento das súas funcións, dentro dos límites derivados da aplicación dos principios de eficacia e eficiencia

na asignación, utilización e xestión deses medios e instalacións polas entidades para as cales preste servizos, e dentro das dispoñibilidades orzamentarias.

g) Á consideración e respecto da súa actividade científica e á súa avaliación de conformidade con criterios públicos, obxectivos, transparentes e preestablecidos.

h) A utilizar a denominación das entidades para as cales presta servizos na realización da súa actividade científica.

i) A participar nos beneficios que obteñan as entidades para as cales presta servizos, como consecuencia da eventual explotación dos resultados da actividade de investigación, desenvolvemento ou innovación en que participase. Esta participación non terá en ningún caso a consideración de retribución ou salario para o persoal investigador.

j) A participar nos programas favorecedores da conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral que poñan en práctica as entidades para as cales presta servizos.

k) Ao seu desenvolvemento profesional, mediante o acceso a medidas de formación continua para o desenvolvemento das súas capacidades e competencias.

l) Á mobilidade xeográfica, intersectorial e interdisciplinaria, para reforzar os coñecementos científicos e o desenvolvemento profesional do persoal investigador, nos termos previstos nesta lei e no resto de normativa aplicable.

2. Estes dereitos entenderanse sen prexuízo dos establecidos pola Lei 7/2007, do 12 de abril, ben como dos restantes dereitos que resulten de aplicación ao persoal investigador, en función do tipo de entidade para a cal preste servizos e da actividade realizada.

#### Artigo 15. *Deberes do persoal investigador.*

1. Os deberes do persoal investigador que preste servizos en universidades públicas, en organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado ou en organismos de investigación doutras administracións públicas serán os seguintes:

a) Observar as prácticas éticas recoñecidas e os principios éticos correspondentes ás súas disciplinas, ben como as normas éticas recollidas nos diversos códigos deontolóxicos aplicables.

b) Pór en coñecemento das entidades para as cales presta servizos todos os achados, descubrimentos e resultados susceptibles de protección xurídica, e colaborar nos procesos de protección e de transferencia dos resultados das súas investigacións.

c) Difundir os resultados das súas investigacións, se for o caso, segundo o indicado nesta lei.

d) Participar nas reunións e actividades dos órganos de goberno e de xestión de que forme parte e nos procesos de avaliación e mellora para os cales sexa requirido.

e) Procurar que o seu labor sexa relevante para a sociedade.

f) Adoptar as medidas necesarias para evitar o plaxio.

g) Encamiñar as súas investigacións cara ao logro dos obxectivos estratéxicos das entidades para as cales presta servizos, e obter ou colaborar nos procesos de obtención dos permisos e autorizacións necesarias antes de iniciar o seu labor.

h) Informar as entidades para as cales presta servizos ou que financian ou supervisan a súa actividade de posibles atrasos e redefinicións nos proxectos de investigación de que sexa responsable, ben como da finalización dos proxectos, ou da necesidade de abandonar ou suspender os proxectos antes do previsto.

i) Render contas sobre o seu traballo ás entidades para as cales presta servizos ou que financian ou supervisan a súa actividade, e responsabilizarse do uso eficaz do financiamento dos proxectos de investigación que desenvolva. Para isto, deberá observar os principios de xestión financeira correcta, transparente e eficaz, e cooperar nas auditorías sobre as súas investigacións que procedan segundo a normativa vixente.

j) Utilizar a denominación das entidades para as cales presta servizos na realización da súa actividade científica, de acordo coa normativa interna desas entidades e os acordos, pactos e convenios que estas subscriban.

k) Seguir en todo momento prácticas de traballo seguras de acordo coa normativa aplicable, incluída a adopción das precaucións necesarias en materia de prevención de riscos laborais, e velar por que o persoal ao seu cargo cumpra con estas prácticas.

l) Adoptar as medidas necesarias para o cumprimento da normativa aplicable en materia de protección de datos e de confidencialidade.

2. Estes deberes entenderanse sen prexuízo dos establecidos pola Lei 7/2007, do 12 de abril, ben como dos restantes deberes que resulten de aplicación ao persoal investigador, en función do tipo de entidade para a que preste servizos e da actividade realizada.

#### Artigo 16. *Criterios de selección do persoal investigador.*

1. Os procedementos de selección de persoal investigador garantirán os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e realizaranse de acordo co previsto na Lei 7/2007, do 12 de abril, e no resto do ordenamento xurídico, de forma que permitan un desenvolvemento profesional transparente, aberto, igualitario e recoñecido internacionalmente.

No caso dos organismos públicos de investigación, a oferta de emprego público conterá as previsións de cobertura das prazas precisas de persoal investigador funcionario de carreira e laboral fixo.

2. Os procesos de selección do persoal investigador respectarán os principios de:

- a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.
- b) Transparencia.
- c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
- d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
- e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas que se desenvolvan.
- f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.
- g) Non serán obxecto de consideración as eventuais interrupcións que se producen na carreira investigadora e os seus efectos nos currículos dos candidatos.

3. Nos procesos selectivos de promoción interna dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado e dos organismos de investigación doutras administracións públicas examínase a calidade e a relevancia dos resultados da actividade investigadora e, se for o caso, da súa aplicación.

4. Os procesos de selección de persoal investigador que preste servizos na universidade rexeranse polo establecido na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, e na súa normativa de desenvolvemento.

#### Artigo 17. *Mobilidade do persoal investigador.*

1. As universidades públicas, os organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, os organismos de investigación doutras administracións públicas e os centros do Sistema Nacional de Saúde ou vinculados ou concertados con este promoverán a mobilidade xeográfica, intersectorial e interdisciplinaria, ben como a mobilidade entre os sectores público e privado nos termos previstos neste artigo, e recoñecerán o seu valor como un medio para reforzar os coñecementos científicos e o desenvolvemento profesional do persoal investigador. Este recoñecemento levarase a cabo mediante a valoración da mobilidade nos procesos de selección e avaliación profesional en que participe o mencionado persoal.

Para tales efectos, potenciaranse a mobilidade e o intercambio de investigadores entre distintos axentes de execución, públicos e privados, no ámbito español, no marco da Unión Europea e no dos acordos de cooperación recíproca internacional e dos acordos de colaboración público-privada, que se desenvolverán no marco da Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía ou da Estratexia Española de Innovación, de acordo cos termos previstos nesta lei e no resto de normativa aplicable.

2. As universidades públicas, os organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, os organismos de investigación doutras administracións públicas e os centros do Sistema Nacional de Saúde ou vinculados ou concertados con este, poderán autorizar a adscrición do persoal investigador que preste servizos neles a outros axentes públicos de investigación, e a outros axentes privados sen ánimo de lucro cuxos órganos de goberno teñan participación daquelas institucións públicas. Así mesmo, poderán autorizar a adscrición de persoal investigador procedente doutros axentes públicos de investigación. En ambos os casos o obxecto da adscrición será a realización de labores de investigación científica e técnica, desenvolvemento tecnolóxico, transferencia ou difusión do coñecemento, ou de dirección de centros de investigación, instalacións científicas ou programas e proxectos científicos, durante o tempo necesario para a execución do proxecto de investigación, e logo de informe favorable do organismo de orixe e de acordo co que os estatutos, se for o caso, establezan respecto ao procedemento e efectos da adscrición.

3. O persoal investigador funcionario de carreira ou laboral fixo que preste servizos en universidades públicas, en organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, en organismos de investigación doutras administracións públicas ou en centros do Sistema Nacional de Saúde ou vinculados ou concertados con este cunha antigüidade mínima de cinco anos poderá ser declarado en situación de excedencia temporal para incorporarse a outros axentes públicos de execución do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, sempre que non proceda a situación administrativa de servizo activo.

A concesión da excedencia temporal subordinarase ás necesidades do servizo e ao interese que a universidade pública ou organismo para o cal preste servizos teña na realización dos traballos que se vaian desenvolver na entidade de destino, e concederase, en réxime de contratación laboral, para a dirección de centros de investigación e instalacións científicas, ou programas e proxectos científicos, para o desenvolvemento de tarefas de investigación científica e técnica, desenvolvemento tecnolóxico, transferencia ou difusión do coñecemento relacionadas coa actividade que o persoal investigador estivese a realizar na universidade pública ou organismo de orixe. Para tales efectos, a unidade da universidade pública ou organismo de orixe en que preste servizos deberá emitir un informe favorable en que se recollan os anteriores aspectos.

A duración da excedencia temporal non poderá ser superior a cinco anos, sen que sexa posible, esgotado este prazo, a concesión dunha nova excedencia temporal pola mesma causa até que transcorresen, ao menos, dous anos desde o reingreso ao servizo activo ou a incorporación ao posto de traballo desde a anterior excedencia.

Durante ese período, o persoal investigador en situación de excedencia temporal non percibirá retribucións polo seu posto de procedencia, e terá dereito á reserva do posto de traballo, ao seu cómputo para efectos de antigüidade, á consolidación de grao persoal nos casos que corresponda segundo a normativa aplicable, e á avaliación da actividade investigadora, se for o caso.

Se antes de finalizar o período polo cal se concedeu a excedencia temporal, o excedente non solicita o reingreso ao servizo activo ou, se for o caso, a reincorporación ao seu posto de traballo, será declarado de oficio en situación de excedencia voluntaria por interese particular ou situación análoga para o persoal laboral que non implique a reserva do posto de traballo e permita, ao menos, a posibilidade de solicitar a incorporación de novo á universidade pública ou organismo de orixe.

4. O persoal investigador funcionario de carreira ou laboral fixo que preste servizos en universidades públicas, en organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, en organismos de investigación doutras administracións públicas ou en centros do Sistema Nacional de Saúde ou vinculados ou concertados con este cunha antigüidade mínima de cinco anos poderá ser declarado en situación de excedencia temporal por un prazo máximo de cinco anos, para incorporarse a axentes privados de execución do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, ou a axentes internacionais ou estranxeiros.



A concesión da excedencia temporal subordinarase ás necesidades do servizo e ao interese que a universidade pública ou organismo para o cal preste servizos teña na realización dos traballos que se vaian desenvolver na entidade de destino, e concederase, en réxime de contratación laboral, para a dirección de centros de investigación e instalacións científicas, ou programas e proxectos científicos, para o desenvolvemento de tarefas de investigación científica e técnica, desenvolvemento tecnolóxico, transferencia ou difusión do coñecemento relacionadas coa actividade que o persoal investigador viña realizando na universidade pública ou organismo de orixe. Ademais, a universidade pública ou organismo de orixe deberá manter unha vinculación xurídica co axente de destino a través de calquera instrumento válido en dereito que permita deixar constancia da vinculación existente, relacionada cos traballos que o persoal investigador vaia desenvolver. Para tales efectos, a unidade da universidade pública ou organismo de orixe para o cal preste servizos deberá emitir un informe favorable en que se recollan os anteriores aspectos.

A duración da excedencia temporal non poderá ser superior a cinco anos, sen que sexa posible, esgotado este prazo, a concesión dunha nova excedencia temporal pola mesma causa até que transcorresen ao menos dous anos desde o reingreso ao servizo activo ou a incorporación ao posto de traballo desde a anterior excedencia.

Durante ese período, o persoal investigador en situación de excedencia temporal non percibirá retribucións polo seu posto de orixe, e terá dereito á reserva do posto de traballo e á avaliación da actividade investigadora, se for o caso.

O persoal investigador en situación de excedencia temporal deberá protexer o coñecemento dos equipos de investigación conforme a normativa de propiedade intelectual e industrial, as normas aplicables á universidade pública ou organismo de orixe, e os acordos e convenios que estes subscribisen.

Se antes de finalizar o período polo que se concedeu a excedencia temporal, o empregado público non solicita o reingreso ao servizo activo ou, se for o caso, a reincorporación ao seu posto de traballo, será declarado de oficio en situación de excedencia voluntaria por interese particular ou situación análoga para o persoal laboral que non implique a reserva do posto de traballo e permita, ao menos, a posibilidade de solicitar a incorporación de novo á universidade pública ou organismo de orixe.

5. O persoal investigador que preste servizos en universidades públicas, en organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, en organismos de investigación doutras administracións públicas ou en centros do Sistema Nacional de Saúde ou vinculados ou concertados con este, poderá ser autorizado por estes para a realización de estadías formativas en centros de recoñecido prestixio, tanto en territorio nacional como no estranxeiro.

A concesión da autorización subordinarase ás necesidades do servizo e ao interese que a universidade pública ou organismo para o cal o persoal investigador preste servizos teña na realización dos estudos que vaia realizar o interesado. Para tal efecto, a unidade da universidade pública ou organismo de orixe en que preste servizos deberá emitir un informe favorable que recolla os anteriores aspectos.

A autorización da estancia formativa concederase para a ampliación da formación en materias directamente relacionadas coa actividade de investigación científica e técnica, desenvolvemento tecnolóxico, transferencia ou difusión do coñecemento que o persoal investigador viña realizando na universidade pública ou organismo de orixe, ou naquelas outras consideradas de interese estratéxico para a universidade pública ou organismo. O persoal investigador conservará o seu réxime retributivo.

A duración acumulada das autorizacións concedidas a cada investigador cada cinco anos non poderá ser superior a dous anos.

6. As condicións de concesión das excedencias previstas nos números 3 e 4 do presente artigo no ámbito dos centros e estruturas de investigación das comunidades autónomas serán establecidas pola comunidade autónoma correspondente, no ámbito das súas competencias. Na súa falta, aplicaranse de forma supletoria as condicións establecidas nos números 3 e 4 mencionados.

7. O persoal investigador destinado en universidades públicas rexerese, ademais de polo disposto neste artigo, pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, e pola súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 18. *Autorización para prestar servizos en sociedades mercantís.*

1. As universidades públicas, o Ministerio de Política Territorial e Administración Pública no caso dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, ou as autoridades competentes no caso de centros do Sistema Nacional de Saúde ou vinculados ou concertados con este, ou de organismos de investigación doutras administracións públicas, poderán autorizar ao persoal investigador a prestación de servizos, mediante un contrato laboral a tempo parcial e de duración determinada, en sociedades mercantís creadas ou participadas pola entidade para a cal ese persoal preste servizos. Esta autorización requirirá a xustificación previa, debidamente motivada, da participación do persoal investigador nunha actuación relacionada coas prioridades científico-técnicas establecidas na Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía ou na Estratexia Española de Innovación.

2. Os recoñecementos de compatibilidade non poderán modificar a xornada nin o horario do posto de traballo inicial do interesado, e quedarán automaticamente sen efecto en caso de cambio de posto no sector público.

3. As limitacións establecidas nos artigos 12.1.b) e d) e 16 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, non serán de aplicación ao persoal investigador que preste os seus servizos nas sociedades que creen ou nas cales participen as entidades a que alude este artigo, sempre que esa excepción fose autorizada polas universidades públicas, o Ministerio de Política Territorial e Administracións Públicas ou as autoridades competentes das administracións públicas segundo corresponda.

Artigo 19. *Colaboradores científicos e tecnolóxicos.*

Os axentes públicos de financiamento e os seus órganos, organismos e entidades poderán adscribir temporalmente, a tempo completo ou parcial, persoal funcionario de carreira que sexa investigador, experto en desenvolvemento tecnolóxico ou especialista relacionado co ámbito da investigación, para que colabore en tarefas de elaboración, xestión, seguimento e avaliación de programas de investigación científica e técnica, logo de autorización dos órganos competentes e da entidade en que o persoal investigador preste os seus servizos.

*Sección 2.ª Contratación do persoal investigador de carácter laboral*

Artigo 20. *Modalidades contractuais.*

1. As modalidades de contrato de traballo específicas do persoal investigador son as seguintes:

- a) contrato de predoutoramento;
- b) contrato de acceso ao Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación;
- c) contrato de investigador distinguido.

O réxime xurídico aplicable a estas modalidades de contrato de traballo será o que se establece nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento e, na súa falta, será de aplicación o disposto no texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e nas súas normas de desenvolvemento.

2. Poderán contratar persoal investigador a través das modalidades de contrato de traballo específicas que se establecen nesta sección as seguintes entidades:

- a) Os organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado e os organismos de investigación doutras administracións públicas.

b) As universidades públicas, unicamente cando sexan perceptoras de fondos cuxo destino inclúa a contratación de persoal investigador ou para o desenvolvemento dos seus programas propios de I + D + i.

Ademais, as entidades citadas poderán contratar persoal investigador a través das modalidades de contrato de traballo establecidas polo texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

O disposto neste número entenderase sen prexuízo de que corresponde ás comunidades autónomas que asumisen estatutariamente a competencia exclusiva para a regulación dos seus propios centros e estruturas de investigación a definición e regulación do réxime de contratación de persoal investigador dos seus propios centros e estruturas de investigación, no marco da lexislación laboral vixente.

3. Nos organismos públicos de investigación, os contratos laborais de duración determinada, en calquera das súas modalidades, estarán subordinados ás previsións que as leis anuais orzamentarias correspondentes determinen en relación coas autorizacións para realizar este tipo de contratos. Os contratos fixos estarán subordinados ás previsións da oferta de emprego público.

4. A consecución da titulación de doutoramento porá fin á etapa de formación do persoal investigador e, a partir dese momento, dará comezo a etapa de posdoutoramento. A fase inicial desta etapa está orientada ao perfeccionamento e especialización profesional do persoal investigador, e poderase desenvolver, entre outros mecanismos, mediante procesos de mobilidade e mediante contratación laboral de duración determinada.

5. Os programas de axudas das administracións públicas que teñan por obxecto a realización de tarefas de investigación en réxime de prestación de servizos por persoal investigador que non sexa laboral fixo ou funcionario de carreira, deberán requirir a contratación laboral do persoal por parte das entidades beneficiarias das axudas para as que vaia prestar servizos.

#### Artigo 21. *Contrato de predoutoramento.*

Os contratos de traballo baixo a modalidade de contrato de predoutoramento celebraranse de acordo cos seguintes requisitos:

a) O contrato terá por obxecto a realización de tarefas de investigación, no ámbito dun proxecto específico e innovador, polos que estean en posesión do título de licenciado, enxeñeiro, arquitecto, graduado universitario con grao de ao menos 300 créditos ECTS (*European Credit Transfer System*) ou máster universitario, ou equivalente, e fosen admitidos a un programa de doutoramento. Este persoal terá a consideración de persoal investigador de predoutoramento en formación.

b) O contrato celebrarse por escrito entre o persoal investigador de predoutoramento en formación, na súa condición de traballador, e a universidade pública ou organismo de investigación titular da unidade investigadora, na súa condición de empregador, e deberá acompañarse de escrito de admisión ao programa de doutoramento expedido pola unidade responsable dese programa, ou pola escola de doutoramento ou posgrao, se for o caso.

c) O contrato será de duración determinada, con dedicación a tempo completo.

A duración do contrato será dun ano, prorrogable por períodos anuais logo de informe favorable da comisión académica do programa de doutoramento ou, se for o caso, da escola de doutoramento, durante o tempo que dure a súa permanencia no programa. En ningún caso a duración acumulada do contrato inicial máis as prórrogas poderá exceder catro anos.

Non obstante, cando o contrato se concerte cunha persoa con discapacidade, o contrato poderá alcanzar unha duración máxima de seis anos, prórrogas incluídas, tendo en conta as características da actividade investigadora e o grao das limitacións na actividade.

Ningún traballador poderá ser contratado mediante esta modalidade, na mesma ou distinta entidade, por un tempo superior a catro anos, salvo no caso das persoas con

discapacidade indicadas no parágrafo anterior para as cales o tempo non poderá ser superior a seis anos.

As situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a lactación e paternidade, suspenderán o cómputo da duración do contrato.

d) A retribución deste contrato non poderá ser inferior ao 56 por 100 do salario fixado para as categorías equivalentes nos convenios colectivos do seu ámbito de aplicación durante os dous primeiros anos, ao 60 por 100 durante o terceiro ano, e ao 75 por 100 durante o cuarto ano. Tampouco poderá ser inferior ao salario mínimo interprofesional que se estableza cada ano, segundo o artigo 27 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

#### Artigo 22. *Contrato de acceso ao Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.*

1. Os contratos de traballo de acceso ao Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación celebraranse de acordo cos seguintes requisitos:

a) Só se poderán concertar cos que estean en posesión do título de doutor ou equivalente, sen que sexan de aplicación os límites de cinco anos, ou de sete anos cando o contrato se concerta cun traballador con discapacidade, a que se refire o artigo 11.1 do Estatuto dos traballadores.

b) O traballo que se desenvolverá consistirá primordialmente na realización de tarefas de investigación, orientadas á obtención polo persoal investigador dun elevado nivel de perfeccionamento e especialización profesional, que conduzan á consolidación da súa experiencia profesional.

c) A duración do contrato non poderá ser inferior a un ano, nin exceder cinco anos. Cando o contrato se concertase por unha duración inferior a cinco anos poderase prorrogar sucesivamente sen que, en ningún caso, as prórrogas poidan ter unha duración inferior ao ano.

Ningún traballador poderá ser contratado mediante esta modalidade, na mesma ou distinta entidade, por un tempo superior a cinco anos.

As situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a lactación e paternidade, suspenderán o cómputo da duración do contrato.

d) A retribución deste contrato non poderá ser inferior á que corresponda ao persoal investigador que realice actividades análogas.

e) O persoal investigador que sexa contratado ao abeiro do disposto neste artigo poderá prestar colaboracións complementarias en tarefas docentes relacionadas coa actividade de investigación proposta, até un máximo de 80 horas anuais, logo de acordo, se for o caso, co departamento implicado, coa aprobación da entidade para a cal presta servizos, e con sometemento á normativa vixente de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

f) No non previsto neste artigo, será de aplicación o artigo 11.1 do Estatuto dos traballadores.

2. A partir da finalización do segundo ano de contrato, o persoal investigador contratado por universidades públicas, organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado ou organismos de investigación doutras administracións públicas baixo esta modalidade poderá someter a avaliación a actividade investigadora desenvolvida. As avaliacións terán en conta criterios de excelencia, serán realizadas conforme as normas da universidade ou organismo contratante, e contarán cun informe externo que terá carácter vinculante en caso de ser negativo, e que será realizado:

a) pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANACA) ou polo órgano equivalente de avaliación externa que a lei da comunidade autónoma determine, no caso de persoal investigador contratado por universidades públicas;

b) pola Axencia Nacional de Avaliación e Prospectiva (ANAP) ou polo órgano equivalente que se determine no seo da Axencia Estatal de Investigación, no caso de persoal investigador contratado por organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado;

c) polo órgano equivalente á ANAP nas comunidades autónomas ou, na súa falta, a ANAP, cando o persoal investigador fose contratado por organismos de investigación doutras administracións públicas diferentes da Administración xeral do Estado.

3. Nos procesos selectivos de persoal laboral fixo que sexan convocados polas universidades públicas, polos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, e polos organismos de investigación doutras administracións públicas, a avaliación superada no contrato de acceso ao Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación terase en conta para os efectos da súa valoración como méritos investigadores neses procesos selectivos.

O labor de investigación que poida levar a cabo o persoal investigador laboral fixo estará en todo caso sometido á normativa vixente. As retribucións que correspondan a este tipo de persoal laboral fixo serán fixadas, se for o caso, dentro dos límites establecidos polas leis de orzamentos, polo órgano competente en materia de retribucións sen que, en ningún suposto, lle sexa de aplicación o modelo retributivo establecido para o persoal investigador funcionario.

O persoal laboral fixo contratado segundo o disposto neste número polas universidades públicas terá a consideración de persoal docente e investigador para os efectos do desenvolvemento da función investigadora.

4. Ademais, en caso de prestar servizos para universidades públicas, terase en conta a avaliación superada para efectos da consideración dos méritos investigadores na avaliación positiva requirida para a contratación como profesor contratado doutor, segundo o artigo 52 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro.

5. Se a avaliación resultar negativa, o persoal investigador poderá someter a actividade investigadora desenvolvida a unha segunda e última avaliación antes de finalizar o contrato ou as súas prórrogas e, se for superada, implicará os efectos indicados nos números 3 e 4 deste artigo.

#### Artigo 23. *Contrato de investigador distinguido.*

Os contratos de traballo baixo a modalidade de investigador distinguido poderanse celebrar con investigadores españois ou estranxeiros de recoñecido prestixio no ámbito científico e técnico que se encontren en posesión do título de doutor ou equivalente, conforme os seguintes requisitos:

a) O obxecto do contrato será a realización de actividades de investigación ou a dirección de equipos humanos, centros de investigación, instalacións e programas científicos e tecnolóxicos singulares de gran relevancia no ámbito de coñecemento de que se trate, no marco das funcións e obxectivos do empregador.

b) O contrato terá a duración que as partes acorden.

c) A duración da xornada laboral, os horarios, festas, permisos e vacacións serán os fixados nas cláusulas do contrato.

d) O persoal investigador contratado non poderá celebrar contratos de traballo con outras entidades, salvo autorización expresa do empregador ou pacto escrito en contrario, e sen prexuízo do respecto á normativa sobre incompatibilidades do persoal.

e) O contrato estará sometido ao sistema de seguimento obxectivo que o empregador estableza.

f) O contrato poderá extinguirse por desistencia do empregador, comunicada por escrito cun aviso previo de tres meses, sen prexuízo das posibilidades de rescisión do contrato por parte do empregador por causas procedentes. No suposto de incumprimento total ou parcial do aviso previo, o persoal investigador contratado terá dereito a unha indemnización equivalente aos salarios correspondentes á duración do período incumprido.

En caso de desistencia do empregador, o persoal investigador contratado terá dereito a percibir a indemnización prevista para o despedimento improcedente no texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, sen prexuízo da que lle puiden corresponder por incumprimento total ou parcial do aviso previo.

## CAPÍTULO II

### **Especificidades aplicables ao persoal ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado**

#### *Sección 1.<sup>a</sup> Persoal investigador ao servizo dos organismos públicos de Investigación da Administración xeral do Estado*

##### *Artigo 24. Ámbito de aplicación.*

Como consecuencia das singularidades que concorren no desenvolvemento do labor investigador do persoal investigador ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, nesta sección regúlanse as peculiaridades aplicables a ese persoal a que se refire o artigo 2.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril.

No non disposto nesta lei, será de aplicación ao persoal investigador o disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, no texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e na súa normativa de desenvolvemento, e nas disposicións reguladoras da función pública da Administración xeral do Estado que se aproben para o resto dos empregados públicos.

##### *Artigo 25. Carreira profesional do persoal investigador funcionario.*

1. O persoal investigador funcionario de carreira ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado terá dereito á carreira profesional, entendida como o conxunto ordenado de oportunidades de ascenso e expectativas de progreso profesional, conforme os principios de igualdade, mérito e capacidade.

2. O persoal investigador funcionario de carreira ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado agrúpase nas seguintes escalas científicas:

- a) Profesores de investigación de organismos públicos de investigación.
- b) Investigadores científicos de organismos públicos de investigación.
- c) Científicos titulares de organismos públicos de investigación.

As escalas científicas terán o mesmo réxime retributivo, de selección e de promoción. O persoal pertencente a estas escalas terá plena capacidade investigadora.

3. O persoal investigador funcionario de carreira consolidará o grao persoal correspondente ao nivel do seu posto de traballo conforme o disposto na normativa xeral da función pública.

4. O Goberno establecerá un sistema obxectivo que permita a avaliación do desempeño do persoal investigador funcionario de carreira ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, a fin de posibilitar a carreira profesional horizontal prevista no artigo 17 da Lei 7/2007, do 12 de abril. Este sistema determinará os efectos da avaliación na carreira profesional horizontal, a formación, a provisión de postos de traballo e a percepción das retribucións complementarias previstas no artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril.

Os sistemas de avaliación do desempeño, para efectos de carreira profesional, adecuaranse a criterios de transparencia, obxectividade, imparcialidade e non-discriminación, aplicaranse sen menoscabo dos dereitos do persoal investigador funcionario e terán un tratamento individualizado.

5. Para efectos da carreira profesional horizontal, a avaliación do desempeño terá en conta os méritos do persoal investigador nos ámbitos de investigación, de desenvolvemento

tecnolóxico, de dirección, de xestión ou de transferencia do coñecemento. Na avaliación inclúiranse as actividades e tarefas realizadas ao longo de toda a carreira profesional do persoal investigador.

O recoñecemento de tales méritos terá os efectos económicos previstos na normativa vixente para as retribucións complementarias relacionadas co grao de interese, iniciativa ou esforzo con que o funcionario desempeña o seu traballo e o rendemento ou resultados obtidos.

En consecuencia, no complemento específico, ademais do compoñente ordinario, que se corresponderá co asignado ao posto de traballo desempeñado, recoñécese un compoñente por méritos investigadores. Para tales efectos, o persoal investigador funcionario de carreira poderá someter a avaliación a actividade realizada en organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado en réxime de dedicación a tempo completo cada cinco anos, ou período equivalente se prestou servizo en réxime de dedicación a tempo parcial. O persoal adquirirá e consolidará un compoñente do complemento específico por méritos investigadores por cada unha das avaliacións favorables.

Así mesmo, o persoal investigador funcionario de carreira poderá someter a actividade investigadora realizada cada seis anos en réxime de dedicación a tempo completo, ou período equivalente se prestou servizo en réxime de dedicación a tempo parcial, a unha avaliación en que se xulgará o rendemento do labor desenvolvido durante ese período. O persoal adquirirá e consolidará un compoñente do complemento de produtividade por cada unha das avaliacións favorables.

#### Artigo 26. *Acceso ao emprego público e promoción interna.*

1. A oferta de emprego público, aprobada cada ano polo Goberno para a Administración xeral do Estado, conterà as previsións de cobertura das prazas con asignación orzamentaria precisas de persoal investigador funcionario ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado mediante a incorporación de persoal de novo ingreso, ben como as de persoal investigador laboral fixo.

Corresponderá aos organismos públicos de investigación a constitución dos órganos de selección e a realización dos procesos selectivos.

2. Poderán participar nos procesos selectivos de acceso á condición de persoal investigador funcionario de carreira, sempre que posúan o título de doutor ou equivalente e cumpran o resto dos requisitos exixidos na convocatoria de acceso:

- a) Os españois.
- b) Os nacionais doutros Estados membros da Unión Europea.
- c) Os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito cando sexan menores de vinte e un anos ou maiores desa idade dependentes.
- d) Os estranxeiros con residencia legal en España.
- e) Os estranxeiros incluídos no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España en que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Non obstante, nin os nacionais doutros Estados membros da Unión Europea nin os estranxeiros poderán acceder a aqueles empregos públicos que directa ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público, ou nas funcións que teñan por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou das administracións públicas.

3. A selección do persoal funcionario de carreira ou interino levarana a cabo os órganos de selección especificados en cada convocatoria.

Poderán formar parte dos órganos de selección aqueles españois ou estranxeiros, teñan ou non unha relación de servizos co organismo público de investigación e con independencia do tipo de relación, que poidan ser considerados profesionais de recoñecido prestixio científico ou técnico no ámbito de que se trate.

4. O sistema selectivo de acceso ao emprego público nos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado será o de concurso baseado na valoración do currículo do persoal investigador, valoración que terá en conta a adecuación das competencias e capacidades dos candidatos ás características das liñas prioritarias de investigación e as funcións das escalas ou prazas a que pretendan acceder.

Os cidadáns estranxeiros e nacionais doutros Estados membros da Unión Europea poderán realizar as probas en inglés.

5. O ingreso nas escalas científicas realizarase, a través dos procesos selectivos correspondentes, mediante unha quenda libre á que poderán acceder os que posúan o título de doutor ou equivalente e cumpran os requisitos a que se refiren os números anteriores, e unha quenda de promoción interna.

Para o acceso á escala de investigadores científicos de organismos públicos de investigación, poderá participar na quenda de promoción interna o persoal funcionario pertencente á escala de científicos titulares de organismos públicos de investigación.

Para o acceso á escala de profesores de investigación de organismos públicos de investigación poderá participar na quenda de promoción interna o persoal funcionario pertencente ás escalas de investigadores científicos de organismos públicos de investigación e de científicos titulares de organismos públicos de investigación.

Ademais, nos procesos selectivos convocados para o acceso á escala de científicos titulares de organismos públicos de investigación, poderá participar na quenda de promoción interna o persoal investigador contratado como persoal laboral fixo polos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, de acordo co artigo 22.3 desta lei.

Así mesmo, os procesos selectivos de acceso ás escalas científicas poderán prever a participación de persoal funcionario de carreira dos corpos docentes universitarios ao servizo das universidades públicas, e de persoal contratado como persoal laboral fixo polas universidades públicas de acordo co artigo 22.3 desta lei, na quenda de promoción interna.

A promoción interna realizarase mediante procesos selectivos que garantan o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, ben como os determinados no artigo 55.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril. O persoal que acceda pola quenda de promoción interna deberá posuír os requisitos exixidos para o ingreso, ter ao menos unha antigüidade de dous anos de servizo na condición de persoal investigador contratado como laboral fixo, ou de dous anos de servizo activo na escala ou corpo de procedencia no caso de persoal funcionario de carreira, e superar os correspondentes procesos selectivos.

6. Poderanse prever procesos de promoción interna entre as escalas técnicas e as científicas do mesmo subgrupo dos previstos no artigo 76 da Lei 7/2007, do 12 de abril, para facilitar o desenvolvemento da carreira profesional persoal.

7. Os organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado poderán contratar persoal investigador de carácter temporal para a realización de proxectos específicos de investigación científica e técnica de acordo co artigo 15.1.a) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

#### *Sección 2.<sup>a</sup> Persoal de investigación ao servizo dos organismos públicos de Investigación da Administración xeral do Estado*

#### *Artigo 27. Persoal de investigación.*

1. Considerarase persoal de investigación ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado o persoal investigador e o persoal técnico.

2. A carreira profesional e o réxime xurídico que regule a lei de ordenación da función pública da Administración xeral do Estado e a súa normativa de desenvolvemento serán aplicables ao persoal técnico funcionario ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.



3. En todo caso, a carreira profesional e o réxime xurídico que regule a lei de ordenación da función pública da Administración xeral do Estado e a súa normativa de desenvolvemento serán de aplicación ao persoal funcionario pertencente a corpos ou escalas non incluídos no ámbito de aplicación desta lei, que preste servizos nos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.

Artigo 28. *Dereitos e deberes do persoal técnico ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.*

1. Serán de aplicación ao persoal técnico ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado os artigos 16.1 e 2 desta lei. Ademais, serán de aplicación ao persoal técnico funcionario de carreira ou laboral fixo ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado os artigos 17, 18 e 19 desta lei.

2. O persoal técnico que preste servizos en organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado terá os seguintes dereitos:

a) A determinar libremente os métodos de resolución de problemas, dentro do marco das prácticas e dos principios éticos recoñecidos e da normativa aplicable sobre propiedade intelectual, e tendo en conta as posibles limitacións derivadas das circunstancias da actividade e do contorno, das actividades de supervisión, orientación ou xestión, das limitacións orzamentarias ou das infraestruturas.

b) A ser recoñecido e amparado na autoría ou coautoría dos traballos de carácter técnico en que participe.

c) Ao respecto ao principio de igualdade de xénero no desempeño das súas funcións, na contratación de persoal e no desenvolvemento da súa carreira profesional.

d) A contar cos medios e instalacións adecuados para o desenvolvemento das súas funcións, dentro dos límites derivados da aplicación dos principios de eficacia e eficiencia na asignación, utilización e xestión deses medios e instalacións pola entidade para a cal preste servizos, e dentro das dispoñibilidades orzamentarias.

e) Á consideración e respecto da súa actividade.

f) A utilizar a denominación das entidades para as cales presta servizos na realización da súa actividade.

g) A participar nos beneficios que obteñan as entidades para as cales presta servizos, como consecuencia da eventual explotación dos resultados da actividade en que participase o persoal técnico. Os referidos beneficios non terán en ningún caso natureza retributiva ou salarial para o persoal técnico.

h) A participar nos programas favorecedores da conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral que poñan en práctica as entidades para as cales presta servizos.

i) Ao seu desenvolvemento profesional, mediante o acceso a medidas de formación continua para o desenvolvemento das súas capacidades e competencias.

Estes dereitos entenderanse sen prexuízo dos establecidos pola Lei 7/2007, do 12 de abril, ben como dos restantes dereitos que resulten de aplicación ao persoal técnico, en función do tipo de entidade para a cal preste servizos e da actividade realizada.

3. Os deberes do persoal técnico que preste servizos en organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado serán os seguintes:

a) Observar as prácticas éticas recoñecidas e os principios éticos correspondentes ás súas disciplinas, ben como as normas éticas recollidas nos diversos códigos deontolóxicos aplicables.

b) Pór en coñecemento das entidades para as cales presta servizos todos os achados, descubrimentos e resultados susceptibles de protección xurídica, e colaborar nos procesos de protección e de transferencia dos resultados da súa actividade.

c) Participar nas reunións e actividades dos órganos de goberno e de xestión dos que forme parte e nos procesos de avaliación e mellora para os cales sexa requirido.

- d) Procurar que o seu labor sexa relevante para a sociedade.
- e) Utilizar a denominación das entidades para as cales presta servizos na realización da súa actividade, de acordo coa normativa interna desas entidades e os acordos, pactos e convenios que estas subscriban.
- f) Seguir en todo momento prácticas de traballo seguras de acordo coa normativa aplicable, incluída a adopción das precaucións necesarias en materia de prevención de riscos laborais, e velar por que o persoal ao seu cargo cumpra con estas prácticas.
- g) Adoptar as medidas necesarias para o cumprimento da normativa aplicable en materia de protección de datos e de confidencialidade.

Estes deberes entenderanse sen prexuízo dos establecidos pola Lei 7/2007, do 12 de abril, ben como dos restantes deberes que resulten de aplicación ao persoal técnico, en función do tipo de entidade para a que preste servizos e da actividade realizada.

*Artigo 29. Persoal técnico funcionario ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.*

1. As escalas do persoal técnico funcionario de carreira ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado son as seguintes:

- a) Tecnólogos de organismos públicos de investigación.
- b) Técnicos superiores especializados de organismos públicos de investigación.
- c) Científicos superiores da Defensa.
- d) Técnicos especializados de organismos públicos de investigación.
- e) Axudantes de investigación de organismos públicos de investigación.
- f) Auxiliares de Investigación de organismos públicos de investigación.

2. Poderanse prever procesos de promoción interna entre as escalas técnicas e as científicas do mesmo subgrupo dos previstos no artigo 76 da Lei 7/2007, do 12 de abril, para facilitar o desenvolvemento da carreira profesional persoal.

*Artigo 30. Contratación de persoal técnico laboral para a realización de proxectos específicos de investigación científica e técnica.*

Os organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado poderán contratar persoal técnico de carácter temporal para a realización de proxectos específicos de investigación científica e técnica, de acordo co artigo 15.1.a) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

### CAPÍTULO III

#### **Especificidades aplicables ao persoal docente e investigador ao servizo das universidades públicas**

*Artigo 31. Acceso aos corpos docentes universitarios das universidades públicas.*

1. Poderán obter a acreditación nacional e, en consecuencia, presentarse aos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios, os que posúan título de doutor ou equivalente e cumpran os requisitos exixidos pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, a Lei 7/2007, do 12 de abril, e demais normativa aplicable, e polas convocatorias correspondentes.

2. As avaliacións para a obtención da acreditación nacional e dos concursos de acceso levaranas a cabo comisións en que poderán participar, teñan ou non unha relación de servizos coa universidade e con independencia do tipo de relación, expertos españois, ben como até un máximo de dous expertos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea ou estranxeiros. Estes expertos deberán poder ser considerados profesionais de recoñecido prestixio científico ou técnico.

3. O persoal contratado polas universidades públicas como persoal laboral fixo de acordo co artigo 22.4 desta lei poderá ser acreditado para profesor titular de universidade, para os efectos do disposto no título IX da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, cando obteña o informe positivo da súa actividade docente e investigadora de acordo co procedemento que estableza o Goberno.

Artigo 32. *Dedicación do persoal docente e investigador.*

As universidades públicas, no exercicio da súa autonomía, poderán establecer a distribución da dedicación do persoal docente e investigador ao seu servizo en cada unha das funcións propias da universidade establecidas na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, sempre de acordo co establecido nesa lei e no seu desenvolvemento normativo.

## TÍTULO III

### **Impulso da investigación científica e técnica, a innovación, a transferencia do coñecemento, a difusión e a cultura científica, tecnolóxica e innovadora**

## CAPÍTULO I

### **Disposicións xerais**

Artigo 33. *Medidas.*

1. Os axentes de financiamento do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación impulsarán a participación activa dos axentes públicos de execución no desenvolvemento da investigación e na implantación da innovación para estimular a investigación de calidade e a xeración do coñecemento e a súa transferencia, ben como para mellorar a produtividade e a competitividade, a sociedade do coñecemento e o benestar social a partir da creación dunha cultura empresarial da innovación. Con este fin levarán a cabo, entre outras, as seguintes medidas:

a) Medidas para o fomento da investigación, o desenvolvemento e a innovación, como o establecemento de mecanismos para a colaboración público-privada en proxectos estables de investigación científica, desenvolvemento e innovación, ou o fomento da xeración de novas empresas de base tecnolóxica e científica.

b) Medidas para fomentar o investimento en actividades de investigación, desenvolvemento e innovación e estimular a cooperación entre as empresas e entre estas e os organismos de investigación, mediante fórmulas xurídicas de cooperación tales como as agrupacións de interese económico e as unións temporais de empresas en que os colaboradores comparten investimento, execución de proxectos e/ou explotación dos resultados da investigación. Estas entidades beneficiaranse dos incentivos fiscais previstos na lexislación vixente, de acordo cos requisitos e condicións establecidos nesa lexislación.

c) Medidas para a valorización do coñecemento, que incluírán a potenciación da actividade de transferencia desde os axentes públicos de execución a través das oficinas de transferencia de resultados de investigación, e desde os parques científicos e tecnolóxicos, os centros tecnolóxicos e outras estruturas dinamizadoras da innovación, ben como o fomento da cooperación dos axentes públicos de execución co sector privado a través dos instrumentos que establece o ordenamento xurídico e, en particular, mediante a participación en sociedades mercantís nos termos previstos na Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, co obxecto de favorecer a diversificación empresarial e a transformación dos resultados da investigación científica e técnica en desenvolvemento económico e social sustentable. Tamén se impulsarán medidas de transferencia do

coñecemento non orientadas á comercialización ou á explotación mercantilizada, como a creación de espazos públicos comúns.

d) Medidas para o desenvolvemento da transferencia inversa de coñecemento, que incluirán a posta de manifesto polos axentes do sector produtivo das súas necesidades co fin de contribuír a orientar as liñas e obxectivos de investigación dos centros de investigación, para alcanzar un maior impacto socio-económico.

e) Medidas que impulsen a capacitación e incorporación de recursos humanos especializados en ciencia, tecnoloxía e innovación no sector empresarial, ben como a articulación dun sistema de calidade en ciencia, tecnoloxía e innovación que promova a innovación entre os axentes económicos.

f) Medidas para a difusión dos recursos e resultados da investigación científica, o desenvolvemento e a innovación para a súa utilización por todos os axentes do Sistema, ben como para a súa protección.

g) Medidas para o apoio á investigación e a innovación, tales como o establecemento dos programas de información e apoio á xestión necesarios para a participación nos programas da Unión Europea ou outros programas internacionais; a creación de infraestruturas e estruturas de apoio á investigación e á innovación; o impulso dos centros tecnolóxicos, centros de apoio á innovación tecnolóxica, parques científicos e tecnolóxicos, e calquera outra entidade que desenvolva actividades referidas á xeración, aproveitamento compartido e divulgación de coñecementos. Para isto utilizaranse instrumentos destinados ao fortalecemento e desenvolvemento das súas capacidades, á cooperación entre eles e con outros organismos de investigación, ou a potenciación das súas actividades de transferencia ás empresas; ou ao apoio á investigación de fronteira.

h) Medidas para o apoio aos investigadores mozos.

i) Medidas para o apoio á xove empresa innovadora.

j) Medidas para a inclusión da perspectiva de xénero como categoría transversal na ciencia, na tecnoloxía e na innovación, e para impulsar unha presenza equilibrada de mulleres e homes en todos os ámbitos do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.

k) Medidas que reforcen o papel innovador das administracións públicas a través do impulso da aplicación de tecnoloxías emerxentes.

l) Medidas para a promoción de unidades de excelencia. A consideración como unidade de excelencia poderá ser acreditada polo Ministerio de Ciencia e Innovación co obxectivo de recoñecer e reforzar as unidades de investigación de excelencia, que contribúen a situar a investigación en España nunha posición de competitividade internacional tanto no sector público como no privado, baixo a forma de centros, institutos, fundacións, consorcios ou outras.

m) Medidas para o fomento da investigación, o desenvolvemento e a innovación de contornos, produtos e servizos e prestacións dirixidos á creación dunha sociedade inclusiva e accesible ás persoas con discapacidade e en situación de dependencia.

n) Medidas para a promoción da cultura científica, tecnolóxica e de innovación.

2. As medidas indicadas adecuaranse aos seus fins e desenvolveranse sobre a base do principio de neutralidade, segundo o cal o ámbito de aplicación das medidas será xeral e non caberá discriminación por razón da adscrición dos axentes ou pola súa forma xurídica.

#### Artigo 34. *Convenios de colaboración.*

1. Os axentes públicos do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, incluídos as universidades públicas, os organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, os organismos de investigación doutras administracións públicas, e os centros e institucións do Sistema Nacional de Saúde, poderán subscribir convenios de colaboración suxeitos ao dereito administrativo. Poderán celebrar estes convenios os propios axentes públicos entre si, ou con axentes privados que realicen

actividades de investigación científica e técnica, nacionais, supranacionais ou estranxeiros, para a realización conxunta das seguintes actividades:

- a) Proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación.
- b) Creación ou financiamento de centros, institutos e unidades de investigación
- c) Financiamento de proxectos científico-técnicos singulares.
- d) Formación de persoal científico e técnico.
- e) Divulgación científica e tecnolóxica.
- f) Uso compartido de inmobles, de instalacións e de medios materiais para o desenvolvemento de actividades de investigación científica, desenvolvemento e innovación.

2. Nestes convenios incluíranse as achegas realizadas polos intervenientes, ben como o réxime de distribución e protección dos dereitos e resultados da investigación, o desenvolvemento e a innovación. A transmisión dos dereitos sobre estes resultados deberase realizar cunha contraprestación que corresponda ao seu valor de mercado.

3. O obxecto destes convenios non poderá coincidir co de ningún dos contratos regulados na lexislación sobre contratos do sector público.

4. A creación de centros, institutos e unidades de investigación a través de convenios de colaboración terá en consideración, en cada caso, as normas propias de constitución que foren de aplicación.

5. Poderanse tamén celebrar convenios con institucións e empresas estranxeiras como forma de promoción da internacionalización do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.

## CAPÍTULO II

### **Transferencia e difusión dos resultados da actividade de investigación, desenvolvemento e innovación e cultura científica, tecnolóxica e innovadora**

Artigo 35. *Valorización e transferencia do coñecemento.*

1. As administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, fomentarán a valorización, a protección e a transferencia do coñecemento con obxecto de que os resultados da investigación sexan transferidos á sociedade. Neste mesmo contexto fomentárase a transferencia inversa de coñecemento en proxectos liderados polo sector empresarial en colaboración coas entidades de investigación para o desenvolvemento de obxectivos de mercado baseados nos resultados da investigación.

2. A valorización, entendida como a posta en valor do coñecemento obtido mediante o proceso de investigación, alcanzará a todos os procesos que permitan achegar os resultados da investigación financiada con fondos públicos a todos os sectores, e terá como obxectivos:

- a) Detectar os grupos de investigación que realicen desenvolvementos científicos e tecnolóxicos con potenciais aplicacións nos diferentes sectores.
- b) Facilitar unha adecuada protección do coñecemento e dos resultados da investigación, co fin de facilitar a súa transferencia.
- c) Establecer mecanismos de transferencia de coñecementos, capacidades e tecnoloxía, con especial interese na creación e apoio a empresas de base tecnolóxica.
- d) Fomentar as relacións entre centros públicos de investigación, centros tecnolóxicos e empresas, en especial pequenas e medianas, co obxecto de facilitar a incorporación de innovacións tecnolóxicas, de deseño ou de xestión, que impulsen o aumento da produtividade e a competitividade.
- e) Fomentar as relacións entre centros de investigación, persoal de investigación e empresas.

f) Crear ambientes que estimulen a demanda de coñecementos, capacidades e tecnoloxías xerados polas actividades de investigación, desenvolvemento e innovación.

g) Estimular a iniciativa pública e privada que intermedie na transferencia do coñecemento xerado pola actividade de investigación, desenvolvemento e innovación.

3. Recoñécese o papel dos parques científicos e tecnolóxicos como lugares estratéxicos para a transferencia de resultados de investigación aos sectores produtivos.

*Artigo 36. Aplicación do dereito privado aos contratos relativos á promoción, xestión e transferencia de resultados da actividade de investigación, desenvolvemento e innovación.*

Réxense polo dereito privado aplicable con carácter xeral, con suxeición ao principio de liberdade de pactos, e poderán ser adjudicados de forma directa, os seguintes contratos relativos á promoción, xestión e transferencia de resultados da actividade de investigación, desenvolvemento e innovación, suscritos polos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, as universidades públicas, as fundacións do sector público Estatal e outras entidades dedicadas á investigación e dependentes da Administración xeral do Estado:

a) contratos de sociedade suscritos con ocasión da constitución ou participación en sociedades;

b) contratos de colaboración para a valorización e transferencia de resultados da actividade de investigación, desenvolvemento e innovación;

c) contratos de prestación de servizos de investigación e asistencia técnica con entidades públicas e privadas, para a realización de traballos de carácter científico e técnico ou para o desenvolvemento de ensinanzas de especialización ou actividades específicas de formación. Non obstante, no caso de que o receptor dos servizos sexa unha entidade do sector público suxeita á Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, esta deberá axustarse ás prescricións da citada lei para a celebración do correspondente contrato.

A transmisión a terceiros de dereitos sobre os resultados da actividade investigadora, ben se trate de cesión da titularidade dunha patente ou de concesión de licenzas de explotación sobre ela, ou das transmisións e contratos relativos á propiedade intelectual, rexeráse sobre o dereito privado conforme o disposto na normativa propia de cada comunidade autónoma.

*Artigo 37. Difusión en acceso aberto.*

1. Os axentes públicos do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación impulsarán o desenvolvemento de repositorios, propios ou compartidos, de acceso aberto ás publicacións do seu persoal de investigación, e establecerán sistemas que permitan conectalos con iniciativas similares de ámbito nacional e internacional.

2. O persoal de investigación cuxa actividade investigadora estea financiada maioritariamente con fondos dos orzamentos xerais do Estado fará pública unha versión dixital da versión final dos contidos que lle fosen aceptados para publicación en publicacións de investigación seriadas ou periódicas, tan logo como resulte posible, pero non máis tarde de doce meses despois da data oficial de publicación.

3. A versión electrónica farase pública en repositorios de acceso aberto recoñecidos no campo de coñecemento en que se desenvolveu a investigación, ou en repositorios institucionais de acceso aberto.

4. A versión electrónica pública poderá ser empregada polas administracións públicas nos seus procesos de avaliación.

5. O Ministerio de Ciencia e Innovación facilitará o acceso centralizado aos repositorios, e a súa conexión con iniciativas similares nacionais e internacionais.

6. O anterior enténdese sen prexuízo dos acordos en virtude dos cales se puidesen atribuír ou transferir a terceiros os dereitos sobre as publicacións, e non será de aplicación

cando os dereitos sobre os resultados da actividade de investigación, desenvolvemento e innovación sexan susceptibles de protección.

Artigo 38. *Cultura científica e tecnolóxica.*

1. As administracións públicas fomentarán as actividades conducentes á mellora da cultura científica e tecnolóxica da sociedade a través da educación, a formación e a divulgación, e recoñecerán adecuadamente as actividades dos axentes do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación neste ámbito.

2. Nos plans estatais de investigación científica e técnica e de innovación incluíranse medidas para a consecución dos seguintes obxectivos:

a) Mellorar a formación científica e innovadora da sociedade, co obxecto de que todas as persoas poidan en todo momento ter criterio propio sobre as modificacións que teñen lugar no seu contexto natural e tecnolóxico.

b) Fomentar a divulgación científica, tecnolóxica e innovadora.

c) Apoiar as institucións involucradas no desenvolvemento da cultura científica e tecnolóxica, mediante o fomento e incentivación da actividade de museos, planetarios e centros divulgativos da ciencia.

d) Fomentar a comunicación científica e innovadora por parte dos axentes de execución do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.

e) Protexer o patrimonio científico e tecnolóxico histórico.

f) Incluír a cultura científica, tecnolóxica e de innovación como eixe transversal en todo o sistema educativo.

### CAPÍTULO III

#### **Internacionalización do sistema e cooperación ao desenvolvemento**

Artigo 39. *Internacionalización do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.*

1. A dimensión internacional será considerada como un compoñente intrínseco nas accións de fomento, coordinación e execución da Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía e da Estratexia Española de Innovación.

2. A Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas promoverán accións para aumentar a visibilidade internacional e a capacidade de atracción de España no ámbito da investigación e a innovación.

3. A Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas fomentarán a participación de entidades públicas, empresas e outras entidades privadas en proxectos internacionais, redes do coñecemento e especialmente nas iniciativas promovidas pola Unión Europea, a mobilidade do persoal de investigación e a presenza en institucións internacionais ou estranxeiras vinculadas á investigación científica e técnica e a innovación.

4. O Ministerio de Ciencia e Innovación articulará un sistema de seguimento co fin de garantir que as achegas de España a organismos internacionais en materia de investigación e innovación teñan un adecuado retorno e impacto científico-técnico, con especial atención ao Programa marco de investigación e desenvolvemento tecnolóxico da Unión Europea.

5. Os axentes públicos do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación poderán crear centros de investigación no estranxeiro, por si sos ou mediante acordos con outros axentes nacionais, supranacionais ou estranxeiros, que terán a estrutura e o réxime que requira a normativa aplicable.

No caso das universidades públicas, a creación deses centros estará sometida ao disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro.

No caso da Administración xeral do Estado e das entidades a esta adscritas, a creación de centros de investigación no estranxeiro axustarase ás disposicións que regulan a

Administración xeral do Estado no exterior, e realizarase logo da obtención dos informes favorables do Ministerio de Economía e Facenda e da Presidencia.

Artigo 40. *Cooperación ao desenvolvemento.*

1. As administracións públicas fomentarán, en colaboración e coordinación co Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación, a cooperación internacional ao desenvolvemento nos ámbitos científicos, tecnolóxicos e de innovación nos países prioritarios para a cooperación española e nos programas dos organismos internacionais en que España participa, para favorecer os procesos de xeración, uso polo propio país e utilización do coñecemento científico e tecnolóxico para mellorar as condicións de vida, o crecemento económico e a equidade social en consonancia co Plan Director da Cooperación Española.

2. Estableceranse programas e liñas de traballo prioritarias no marco da Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía e da Estratexia Española de Innovación, e fomentarase a transferencia de coñecementos e tecnoloxía no marco de proxectos de cooperación para o desenvolvemento produtivo e social dos países prioritarios para a cooperación española.

3. As administracións públicas recoñecerán adecuadamente as actividades de cooperación ao desenvolvemento que leven a cabo os participantes nelas.

#### TÍTULO IV

### Fomento e coordinación da investigación científica e técnica na Administración xeral do Estado

#### CAPÍTULO I

### Gobernanza

Artigo 41. *Comisión Delegada do Goberno para Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación.*

1. A Comisión Delegada do Goberno para Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación será o órgano do Goberno que levará a cabo a planificación e o seguimento da política científica, tecnolóxica e de innovación, a coordinación entre os departamentos ministeriais e aquelas outras tarefas que esta lei e o Goberno lle atribúan nesas materias.

2. O Goberno determinará a súa composición e funcións, e poderá autorizar a delegación das funcións que expresamente determine noutros órganos de inferior nivel.

3. A Comisión Delegada do Goberno para Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación determinará o procedemento por que se avaliarán os resultados da execución da política científica, tecnolóxica e de innovación, para o cal se deberá realizar un informe con carácter mínimo bienal en que especificamente se recollerán os resultados do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e do Plan Estatal de Innovación.

Artigo 42. *Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica.*

1. O desenvolvemento pola Administración xeral do Estado da Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía levarase a cabo a través do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica. Este plan financiará as actuacións en materia de investigación científica e técnica que se correspondan coas prioridades establecidas pola Administración xeral do Estado, nel definiranse, para un período plurianual:

a) Os obxectivos que se pretenden alcanzar, e os seus indicadores de seguimento e avaliación de resultados.



b) As prioridades científico-técnicas e sociais, que determinarán a distribución do esforzo financeiro da Administración xeral do Estado.

c) Os programas que desenvolverán os axentes de execución da Administración xeral do Estado para alcanzar os obxectivos. Estes programas integrarán as iniciativas sectoriais propostas polos distintos departamentos ministeriais, ben como polos axentes de financiamento e de execución adscritos á Administración xeral do Estado. En cada programa determinarase a súa duración e a entidade encargada da súa xestión e execución.

d) Os criterios e mecanismos de articulación do Plan coas políticas sectoriais do Goberno, das comunidades autónomas e da Unión Europea, para evitar redundancias e previr carencias con obxecto de lograr o mellor aproveitamento dos recursos dispoñibles e alcanzar a maior eficiencia conxunta do sistema.

e) Os custos previsibles para a súa realización e as fontes de financiamento. Detallarase unha estimación das achegas da Unión Europea e doutros organismos públicos ou privados que participen nas accións de fomento, ben como daquelas que, tendo en conta o principio de complementariedade, correspondan aos beneficiarios das subvencións.

2. O Ministerio de Ciencia e Innovación elaborará a proposta do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica en coordinación cos departamentos ministeriais competentes, e terá en conta os recursos humanos, económicos e materiais necesarios para o seu desenvolvemento, ben como as súas previsións de futuro.

O Plan Estatal será aprobado polo Goberno, por proposta do Ministerio de Ciencia e Innovación, logo de informe do Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación e dos órganos que proceda, e oída a Comisión Delegada de Goberno para Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación.

3. A Comisión Delegada do Goberno para Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación establecerá os mecanismos de seguimento e avaliación do desenvolvemento do Plan Estatal. Os resultados de seguimento e avaliación deberán ser obxecto de difusión.

4. O Plan Estatal financiarase con fondos procedentes dos orzamentos xerais do Estado, cuxa dotación estará subordinada ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e eficacia do gasto, e con achegas de entidades públicas e privadas e da Unión Europea.

5. O Plan Estatal poderá ser revisado con periodicidade anual, mediante o procedemento que se estableza nel. As revisións poderán dar lugar á modificación do Plan Estatal ou á súa prórroga.

6. O Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica terá a consideración de Plan estratéxico de subvencións para os efectos do establecido no artigo 8 e na disposición adicional décimo terceira da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### Artigo 43. *Plan Estatal de Innovación.*

1. O Plan Estatal de Innovación persegue transformar o coñecemento xerado en valor económico, para así reforzar a capacidade de crecemento e poder abordar con maior eficacia os desafíos sociais e globais xurdidos. O Plan constitúe o marco de referencia plurianual para articular as actuacións da Administración xeral do Estado no marco da Estratexia Española de Innovación e establecerá os eixes prioritarios da actuación estatal que incluírán análises e medidas relativas á modernización do contexto financeiro, o desenvolvemento dos mercados innovadores, as persoas, a internacionalización das actividades innovadoras e a cooperación territorial como base fundamental da innovación.

2. O Plan Estatal de Innovación incluírá:

a) Os obxectivos que se queren alcanzar, e os seus indicadores de seguimento e avaliación de resultados.

- b) Os eixes prioritarios da actuación estatal, como vectores do fomento da innovación.
- c) Os axentes, entre os cales se encontran as universidades, os organismos públicos de investigación, outros organismos de I + D + i como os centros tecnolóxicos, ou as empresas.
- d) Os mecanismos e criterios de articulación do Plan coas políticas sectoriais do Goberno, das comunidades autónomas e da Unión Europea, para lograr a eficiencia no sistema e evitar redundancias e carencias.
- e) Os custos previsibles para a súa realización e as fontes de financiamento.

3. O Ministerio de Ciencia e Innovación elaborará a proposta de Plan Estatal de Innovación en coordinación cos departamentos ministeriais competentes, e terá en conta os recursos humanos, económicos e materiais necesarios para o seu desenvolvemento, ben como as súas previsións de futuro.

4. O Plan Estatal será aprobado polo Goberno, por proposta do Ministerio de Ciencia e Innovación, logo de informe do Consello Asesor de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación e dos órganos que proceda, e oída a Comisión Delegada de Goberno para Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación.

5. O Plan Estatal de Innovación terá a consideración de plan estratéxico de subvencións para os efectos do establecido no artigo 8 e na disposición adicional décimo terceira da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### Artigo 44. *Eixes prioritarios do Plan Estatal de Innovación.*

1. O Plan Estatal de Innovación establecerá os eixes prioritarios da actuación estatal, que incluírán análises e medidas relativas á modernización do contorno financeiro, ao desenvolvemento de mercados innovadores, ás persoas, á internacionalización das actividades innovadoras, e á cooperación territorial como base fundamental da innovación.

2. Deseñaranse instrumentos que faciliten o acceso das empresas innovadoras ao financiamento das súas actividades e proxectos, mediante a promoción de liñas específicas para estes efectos e fomentando o investimento privado en empresas innovadoras.

3. Impulsarase a contratación pública de actividades innovadoras, co fin de aliñar a oferta tecnolóxica privada e a demanda pública, a través de actuacións en cooperación coas comunidades autónomas e coas entidades locais, de acordo co sinalado pola Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.

Os departamentos ministeriais competentes aprobarán e farán público un plan que detalle a súa política de compra pública innovadora e precomercial.

4. Apoiarase a participación de entidades españolas en programas europeos e internacionais, e impulsaranse instrumentos conxuntos no ámbito da Unión Europea para protexer a propiedade industrial e intelectual.

As convocatorias de axudas á innovación incorporarán, entre os seus criterios de avaliación, a valoración do impacto internacional previsto polos proxectos.

5. Fomentarase a subscripción de convenios de colaboración, cooperación e xestión compartida por parte da Administración xeral do Estado coas comunidades autónomas para o desenvolvemento dos obxectivos do Plan Estatal de Innovación, nos cales se establecerá o desenvolvemento dos eixes prioritarios do plan.

6. Desenvolveranse programas de incorporación ás empresas de doutores e tecnólogos e de xestores de transferencia de coñecemento ligados a grupos de investigación, dedicados a protexer e transferir a propiedade industrial e intelectual xerada pola investigación de excelencia.

## CAPÍTULO II

### Axentes de financiamento

Artigo 45. *Axentes de financiamento adscritos ao Ministerio de Ciencia e Innovación.*

1. Dentro dos axentes de financiamento da Administración xeral do Estado, son axentes de financiamento adscritos ao Ministerio de Ciencia e Innovación a Axencia Estatal de Investigación e o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial.

2. Son funcións da Axencia Estatal de Investigación e do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial:

a) Xestionar os programas ou instrumentos que lles sexan asignados polo Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica ou polo Plan Estatal de Innovación e, se for o caso, os derivados de convenios de colaboración con entidades españolas ou cos seus axentes homólogos noutros países.

b) Contribuír á definición dos obxectivos do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e do Plan Estatal de Innovación, e colaborar nas tarefas de avaliación e seguimento do Plan.

c) Realizar a avaliación científico-técnica das accións do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica, do Plan Estatal de Innovación e doutras actuacións de política científica e tecnolóxica para a asignación dos recursos, ben como a avaliación para a comprobación da xustificación de axudas e da realización da actividade e do cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute das axudas. Os resultados das avaliacións serán obxecto de difusión.

d) Asesorar en materia de xestión, sistemas de financiamento, xustificación e seguimento do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e do Plan Estatal de Innovación.

e) Calquera outra que lles sexa encomendada polo seu estatuto, o seu regulamento ou a normativa vixente.

3. A Axencia Estatal de Investigación estará orientada ao fomento da xeración do coñecemento en todas as áreas do saber mediante o impulso da investigación científica e técnica, e utilizará como criterio avaliativo para a asignación dos recursos o mérito científico ou técnico de acordo co indicado no artigo 5 desta lei.

4. O Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial estará orientado ao fomento da innovación mediante o impulso da investigación, do desenvolvemento experimental e da incorporación de novas tecnoloxías. Utilizará para a asignación dos seus recursos criterios de avaliación que terán en conta o mérito técnico ou de mercado e o impacto socioeconómico dos proxectos de acordo co indicado no artigo 5 desta lei.

5. Tanto a Axencia Estatal de Investigación como o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial desenvolverán a súa actividade como axentes de financiamento de forma coordinada e de acordo cos principios de autonomía, obxectividade, transparencia, rendición de contas, eficacia e eficiencia na xestión. Os seus procedementos de avaliación e financiamento axustaranse aos criterios vinculados ás boas prácticas establecidas no ámbito internacional. Ademais, cooperarán no ámbito das súas funcións cos seus homólogos españois e estranxeiros.

## CAPÍTULO III

**Axentes de execución**

Artigo 46. *Axentes de execución da Administración xeral do Estado.*

Son axentes de execución da Administración xeral do Estado os organismos públicos de investigación, ben como outros organismos de investigación públicos dependentes, creados ou participados maioritariamente pola Administración xeral do Estado.

Artigo 47. *Organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.*

1. Son organismos públicos de investigación os creados para a execución directa de actividades de investigación científica e técnica, de actividades de prestación de servizos tecnolóxicos e daquelas outras actividades de carácter complementario, necesarias para o adecuado progreso científico e tecnolóxico da sociedade, que lles sexan atribuídas por esta lei ou polas súas normas de creación e funcionamento. Ademais, o Instituto de Saúde Carlos III realizará actividades de financiamento da investigación científica e técnica.

2. Teñen a condición de organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial (INTA), o Instituto de Saúde Carlos III (ISCIII), o Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (IGME), o Instituto Español de Oceanografía (IEO), o Centro de Investigacións Enerxéticas Ambientais e Tecnolóxicas (CIEMAT), o Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria (INIA), e o Instituto de Astrofísica de Canarias (IAC), sen prexuízo da súa propia natureza consorcial.

Disposición adicional primeira. *Aplicación das disposicións do título II desta lei a outras entidades.*

1. O artigo 13.1 desta lei poderá ser tamén de aplicación ás universidades privadas e ás universidades da Igrexa católica. Os artigos 20, 21, 22.1 e 23 tamén lles poderán ser de aplicación, ben que unicamente cando sexan receptoras de fondos cuxo destino inclúa a contratación de persoal investigador.

2. Os artigos 13.1, 20, 21 e 22.1 desta lei poderán ser de aplicación a aquelas entidades privadas sen ánimo de lucro que realicen actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, xeren coñecemento científico ou tecnolóxico, faciliten a súa aplicación e transferencia ou fornezan servizos de apoio á innovación ás entidades empresariais. Non obstante, os artigos 20, 21 e 22.1 soamente lles poderán ser de aplicación cando sexan beneficiarias de axudas ou subvencións públicas que teñan como obxecto a contratación de persoal investigador mediante a utilización do contrato a que se refira cada artigo, concedidas no marco da Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía ou da Estratexia Española de Innovación.

3. Poderán ser de aplicación os artigos 13.1, 14, 15, 20, 21, 22.1 e 23 desta lei aos consorcios públicos e fundacións do sector público en que a participación estatal sexa igual ou superior á de cada unha das restantes administracións públicas, cuxo fin ou obxecto social comprenda a execución directa de actividades de investigación científica e técnica ou de prestación de servizos tecnolóxicos, ou aquelas outras de carácter complementario necesarias para o adecuado progreso científico e tecnolóxico da sociedade. Estas actividades deberán formar parte dos programas de desenvolvemento do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica ou do Plan Estatal de Innovación.

4. Poderán ser de aplicación os artigos 13.1, 20, 21, 22.1 e 23 desta lei aos consorcios públicos e fundacións do sector público en que a participación estatal sexa inferior á de cada unha das restantes administracións públicas, cuxo fin ou obxecto social comprenda a execución directa de actividades de investigación científica e técnica ou de prestación de servizos tecnolóxicos, ou aquelas outras de carácter complementario necesarias para o adecuado progreso científico e tecnolóxico da sociedade. Estas actividades deberán

formar parte dos programas de desenvolvemento do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación ou do Plan Estatal de Innovación.

5. O artigo 13.1 desta lei poderá ser de aplicación a outros organismos de investigación da Administración xeral do Estado diferentes dos organismos públicos de investigación que se regulan nesta lei, cando realicen actividade investigadora entendida tal como se indica neste artigo. Ademais, os artigos 20, 21 e 22.1 tamén lles poderán ser de aplicación, ben que soamente cando sexan beneficiarios de axudas ou subvencións públicas que inclúan no seu obxecto a contratación de persoal investigador.

Disposición adicional segunda. *Estatuto do persoal investigador en formación.*

No prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno elaborará un estatuto do persoal investigador en formación, que deberá someterse a informe previo do Consello de Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación. Este estatuto substituirá o actual Estatuto do persoal investigador en formación, e incluírá as prescricións recollidas nesta lei para o contrato de predoutoramento.

Disposición adicional terceira. *Xove empresa innovadora.*

1. O Ministerio de Ciencia e Innovación outorgará a condición de xove empresa innovadora a aquela empresa que teña unha antigüidade inferior a 6 anos e cumpra os seguintes requisitos:

a) Que realizase uns gastos en investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica que representen ao menos o 15% dos gastos totais da empresa durante os dous exercicios anteriores, ou no exercicio anterior cando se trate de empresas de menos de dous anos.

b) Que o Ministerio de Ciencia e Innovación constatase, mediante unha avaliación de expertos, en particular sobre a base dun plan de negocios, que a empresa desenvolverá, nun futuro previsible, produtos, servizos ou procesos tecnoloxicamente innovadores ou substancialmente mellorados con respecto ao estado tecnolóxico actual do sector correspondente, e que comporten riscos tecnolóxicos ou industriais.

2. O Goberno, no prazo dun ano despois da entrada en vigor desta lei, aprobará o Estatuto da xove empresa innovadora, inspirado en experiencias europeas de éxito, como aspecto clave para o apoio de sociedades de recente creación que dedican unha parte significativa da súa facturación a actividades de I + D + i.

Disposición adicional cuarta. *Persoal do Sistema Nacional de Saúde.*

O persoal que preste servizos en centros do Sistema Nacional de Saúde ou vinculados ou concertados con el que, xunto á actividade asistencial, desempeñe actividade investigadora, será considerado persoal investigador para os efectos do establecido no capítulo I, título II desta lei, sen prexuízo das condicións de carreira e laborais que establezan as súas correspondentes regulacións de traballo.

Disposición adicional quinta. *Supresión de escalas da axencia estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial e dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.*

Suprímense as seguintes escalas, pertencentes aos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado:

a) Escala de profesores de investigación do Consello Superior de Investigacións Científicas.

b) Escala de investigadores científicos do Consello Superior de Investigacións Científicas.

c) Escala de científicos titulares do Consello Superior de Investigacións Científicas.

d) Escala de investigadores titulares dos organismos públicos de investigación.

- e) Escala de titulados superiores especializados do Consello Superior de Investigacións Científicas.
- f) Escala de técnicos superiores especialistas dos organismos públicos de investigación.
- g) Escala de científicos superiores do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial.
- h) Escala de científicos especializados do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial.
- i) Escala de titulados superiores de servizos do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial.
- j) Escala de técnicos especialistas do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial.
- k) Escala de titulados técnicos especializados do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial.
- l) Escala de técnicos especialistas de grao medio dos organismos públicos de investigación.
- m) Escala de especialistas de aviación do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial.
- n) Escala de analistas e operadores de Laboratorio do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial.
- ñ) Escala de persoal de taller do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial.
- o) Escala de delineantes e proxectistas do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial.
- p) Escala de preparadores do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial.
- q) Escala de calcadores do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial.

Disposición adicional sexta. *Escalas dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.*

1. Créase a escala de profesores de investigación de organismos públicos de investigación, con adscrición ao Ministerio de Ciencia e Innovación e clasificada no grupo A, subgrupo A1, previsto no artigo 76 da Lei 7/2007, do 12 de abril.

Para o acceso a esta escala exixírase estar en posesión do título de doutor ou equivalente. O persoal funcionario integrado nesta escala terá encomendadas as funcións que correspondían á escala de profesores de investigación do Consello Superior de Investigacións Científicas suprimida e, en concreto, as de especial exixencia e responsabilidade, dentro das distintas actividades que constitúan a finalidade específica do organismo, cun labor investigador propio de singular relevancia.

Integrárase nesta escala o persoal funcionario que, no momento de entrada en vigor desta lei, pertenza á escala de profesores de investigación do Consello Superior de Investigacións Científicas suprimida, calquera que for a situación administrativa en que se encontre.

O persoal que, no momento da entrada en vigor desta lei, estea participando en procesos selectivos para o ingreso por acceso libre ou por promoción interna na escala de profesores de investigación do Consello Superior de Investigacións Científicas suprimida, unha vez que supere o proceso selectivo correspondente será nomeado persoal funcionario na nova escala de profesores de investigación de organismos públicos de investigación.

O persoal funcionario pertencente á nova escala de profesores de investigación de organismos públicos de investigación poderá ser acreditado para catedrático de universidade, para os efectos do disposto no título IX da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, cando obteña o informe positivo da súa actividade docente e investigadora, de acordo co procedemento que establece o Goberno.

2. Créase a escala de investigadores científicos de organismos públicos de investigación, que queda adscrita ao Ministerio de Ciencia e Innovación e clasificada no grupo A, subgrupo A1, previsto no artigo 76 da Lei 7/2007, do 12 de abril.

Para o acceso a esta escala exixírase estar en posesión do título de doutor ou equivalente. O persoal funcionario integrado nesta escala terá encomendadas as funcións da escala de investigadores científicos do Consello Superior de Investigacións Científicas

suprimida e, en concreto, as funcións de alto nivel, dentro das distintas actividades que constitúan a finalidade específica do organismo.

Integrárase nesta escala o persoal funcionario que, no momento de entrada en vigor desta lei, pertenza á escala de investigadores científicos do Consello Superior de Investigacións Científicas suprimida, calquera que for a situación administrativa en que se encontre.

O persoal que, no momento da entrada en vigor desta lei, estea participando en procesos selectivos para o ingreso por acceso libre ou por promoción interna na escala de investigadores científicos do Consello Superior de Investigacións Científicas suprimida, unha vez que supere o proceso selectivo correspondente será nomeado persoal funcionario na nova escala de investigadores científicos de organismos públicos de investigación.

O persoal funcionario pertencente á nova escala de investigadores científicos de organismos públicos de investigación poderá ser acreditado para profesor titular de universidade, para os efectos do disposto no título IX da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, cando obteña o informe positivo da súa actividade docente e investigadora, de acordo co procedemento que estableza o Goberno.

3. Créase a escala de científicos titulares de organismos públicos de investigación, que queda adscrita ao Ministerio de Ciencia e Innovación e clasificada no grupo A, subgrupo A1, previsto no artigo 76 da Lei 7/2007, do 12 de abril.

Para o acceso a esta escala exixírase estar en posesión do título de doutor ou equivalente. O persoal funcionario integrado nesta escala terá encomendadas as funcións que correspondían ás escalas de científicos titulares do Consello Superior de Investigacións Científicas e de investigadores titulares dos organismos públicos de investigación suprimidas e, en concreto, as funcións que comprendan as actividades de investigación científica ou tecnolóxica.

Integrárase nesta escala o persoal funcionario que, no momento de entrada en vigor desta lei, pertenza ás escalas de científicos titulares do Consello Superior de Investigacións Científicas ou de investigadores titulares dos organismos públicos de investigación suprimidas, calquera que for a situación administrativa en que se encontre.

O persoal que, no momento da entrada en vigor desta lei, estea participando en procesos selectivos para o ingreso por acceso libre ou por promoción interna nas escalas de científicos titulares do Consello Superior de Investigacións Científicas ou de Investigadores Titulares dos organismos públicos de investigación suprimidas, unha vez que supere o proceso selectivo correspondente será nomeado persoal funcionario na nova escala de científicos titulares de organismos públicos de investigación.

O persoal funcionario incluído na relación de investigadores en funcións a que se refire o artigo 35.4 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, poderá solicitar, desde a entrada en vigor desta lei e durante un prazo máximo de tres anos, a integración na escala de científicos titulares de organismos públicos de investigación, cando cumpra os requisitos exixidos nas alíneas a) e c) do artigo 35.2 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, mediante a presentación de instancia dirixida ao secretario de Estado de Investigación do Ministerio de Ciencia e Innovación.

O persoal funcionario pertencente á nova escala de científicos titulares de organismos públicos de investigación poderá ser acreditado para profesor titular de universidade, para os efectos do disposto no título IX da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, cando obteña o informe positivo da súa actividade docente e investigadora, de acordo co procedemento que estableza o Goberno.

4. Créase a escala de tecnólogos de organismos públicos de investigación, que queda adscrita ao Ministerio de Ciencia e Innovación e clasificada no grupo A, subgrupo A1, previsto no artigo 76 da Lei 7/2007, do 12 de abril.

O persoal funcionario pertencente a esta escala terá encomendadas as funcións que supoñan especial exixencia e responsabilidade, para desenvolver tarefas de dirección de equipos humanos, valorización do coñecemento, formulación de iniciativas tecnolóxicas e de innovación, ou estudo, inspección ou supervisión en instalacións científicas ou técnicas,

nas súas especialidades respectivas dentro das distintas actividades que constitúan a finalidade específica do organismo.

5. Créase a escala de científicos superiores da Defensa, que queda adscrita ao Ministerio de Defensa, e clasificada no grupo A, subgrupo A1, previsto no artigo 76 da Lei 7/2007, do 12 de abril.

As funcións que desenvolverá o persoal que se adscriba ou acceda a esta escala serán as encomendadas ás escalas de científicos superiores do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial e de científicos especializados do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial suprimidas.

Integraranse nesta escala os funcionarios que, no momento de entrada en vigor desta lei, pertencen ás escalas de científicos superiores do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial ou de científicos especializados do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial suprimidas, calquera que for a situación administrativa en que se encontren.

O persoal que no momento da entrada en vigor desta lei se encontre inmerso na realización de procesos selectivos para o ingreso por acceso libre ou por promoción interna nas escalas de científicos superiores do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial ou de científicos especializados do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial suprimidas, unha vez que supere o proceso selectivo correspondente será nomeado persoal funcionario na nova escala de científicos superiores da Defensa.

6. Créase a escala de técnicos superiores especializados de organismos públicos de investigación, que queda adscrita ao Ministerio de Ciencia e Innovación e clasificada no grupo A, subgrupo A1, previsto no artigo 76 da Lei 7/2007, do 12 de abril.

As funcións que desenvolverá o persoal funcionario integrado nesta escala serán as encomendadas ás escalas de titulados superiores especializados do Consello Superior de Investigacións Científicas, de técnicos superiores especialistas dos organismos públicos de investigación, de titulados superiores de servizos do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial, e de técnicos especialistas do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial suprimidas e, en concreto, o desenvolvemento de tarefas de concepción, deseño, aplicación ou mellora en instalacións científicas experimentais, formulación de iniciativas tecnolóxicas e de innovación, ou dirección, asesoramento, análise ou elaboración de informes nas súas especialidades respectivas, dentro das distintas actividades que constitúan a finalidade específica do organismo.

Integrarase nesta escala o persoal funcionario que, no momento de entrada en vigor desta lei, pertenza ás escalas de titulados superiores especializados do Consello Superior de Investigacións Científicas, de técnicos superiores especialistas dos organismos públicos de investigación, de titulados superiores de servizos do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial, ou de técnicos especialistas do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial suprimidas, calquera que for a situación administrativa en que se encontre.

O persoal que, no momento da entrada en vigor desta lei, estea participando en procesos selectivos para o ingreso por acceso libre ou por promoción interna nas escalas de titulados superiores especializados do Consello Superior de Investigacións Científicas, de técnicos superiores especialistas dos organismos públicos de investigación, de titulados superiores de servizos do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial, ou de técnicos especialistas do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial suprimidas, unha vez que supere o proceso selectivo correspondente será nomeado persoal funcionario na nova escala de técnicos superiores especializados de organismos públicos de investigación.

7. Créase a escala de técnicos especializados de organismos públicos de investigación, que queda adscrita ao Ministerio de Ciencia e Innovación e clasificada no grupo A, subgrupo A2, previsto no artigo 76 da Lei 7/2007, do 12 de abril.

As funcións que desenvolverá o persoal funcionario integrado nesta escala serán as de apoio e colaboración en materia de deseño, aplicación, mantemento e mellora de instalacións científicas, elaboración de informes, estudos ou análises e, en xeral, participación na xestión técnica de plans, proxectos, programas ou aplicacións e resultados da investigación, dentro das distintas actividades que constitúan a finalidade específica do organismo.



Integrarase nesta escala o persoal funcionario que, no momento de entrada en vigor desta lei, pertenza ás escalas de técnicos especialistas de grao medio dos organismos públicos de investigación ou de titulados técnicos especializados do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial suprimidas, calquera que for a situación administrativa en que se encontre.

O persoal que, no momento da entrada en vigor desta lei, estea participando en procesos selectivos para o ingreso por acceso libre ou por promoción interna nas escalas de técnicos especialistas de grao medio dos organismos públicos de investigación ou de titulados técnicos especializados do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial suprimidas, unha vez que supere o proceso selectivo correspondente será nomeado persoal funcionario na nova escala de técnicos especializados de organismos públicos de investigación.

8. Declárase a subsistencia da actual escala de axudantes de investigación de organismos públicos de investigación.

Integrarase na escala de axudantes de investigación de organismos públicos de investigación o persoal funcionario que, no momento de entrada en vigor desta lei, pertenza ás escalas de especialistas de aviación do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial, analistas e operadores de laboratorio do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial, persoal de taller do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial, ou delineantes e proxectistas do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial suprimidas, calquera que for a situación administrativa en que se encontre.

O persoal que, no momento da entrada en vigor desta lei, estea participando en procesos selectivos para o ingreso por acceso libre ou por promoción interna na escala de analistas e operadores de laboratorio do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial suprimida, unha vez que supere o proceso selectivo correspondente será nomeado persoal funcionario na escala de axudantes de investigación de organismos públicos de investigación.

9. Declárase a subsistencia da actual escala de auxiliares de investigación de organismos públicos de investigación.

Integrarase na escala de auxiliares de investigación de organismos públicos de investigación o persoal funcionario que, no momento de entrada en vigor desta lei, pertenza ás escalas de preparadores do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial ou Calcadores do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial suprimidas, calquera que for a situación administrativa en que se encontre.

O persoal que, no momento da entrada en vigor desta lei, estea participando nun proceso selectivos para o ingreso por acceso libre ou por promoción interna na escala de preparadores do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial suprimida, unha vez que supere o proceso selectivo correspondente será nomeado persoal funcionario na Escala de Auxiliares de Investigación de organismos públicos de investigación.

Disposición adicional sétima. *Réxime retributivo das escalas científicas e técnicas dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.*

1. O persoal investigador funcionario que se integre na escala de profesores de investigación de organismos públicos de investigación terá o sistema retributivo correspondente á escala de profesores de investigación do Consello Superior de Investigacións Científicas suprimida, nos termos do establecido nesta lei sobre carreira profesional do persoal funcionario investigador.

2. O persoal investigador funcionario que se integre na escala de investigadores científicos de organismos públicos de investigación terá o sistema retributivo correspondente á escala de investigadores científicos do Consello Superior de Investigacións Científicas suprimida, nos termos do establecido nesta lei sobre carreira profesional do persoal funcionario investigador.

3. O persoal investigador funcionario que se integre na escala de científicos titulares de organismos públicos de investigación terá o sistema retributivo correspondente á escala de científicos titulares do Consello Superior de Investigacións Científicas suprimida, nos

termos do establecido nesta lei sobre carreira profesional do persoal funcionario investigador.

4. A todo o persoal investigador funcionario que, como consecuencia desta integración, se vexa afectado por unha diminución das súas retribucións en cómputo anual, seralle de aplicación un complemento persoal transitorio que a absorba.

5. O sistema retributivo das escalas de persoal técnico funcionario de carreira dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado será o establecido pola Lei 7/2007, do 12 de abril, a Lei de ordenación da función pública da Administración xeral do Estado, e demais normativa de desenvolvemento.

Disposición adicional oitava. *Reorganización dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.*

1. Autorízase o Goberno para que, mediante real decreto acordado en Consello de Ministros por iniciativa dos ministerios de adscrición e por proposta conxunta dos ministros de Economía e Facenda e da Presidencia, proceda a reorganizar os actuais organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado para os adecuar aos obxectivos desta lei, conforme os principios de eficacia, eficiencia, calidade, coordinación, rendición de contas e cooperación co resto dos axentes do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación. Esta reorganización suporá a extinción daqueles organismos públicos de investigación en que unha parte substancial dos seus fins e obxectivos coincida cos doutros organismos públicos de investigación, que se subrogarán nos contratos de traballo do persoal daqueles e aos cales se adscribirán os seus bens e dereitos.

2. O Goberno aprobará os novos estatutos dos organismos públicos de investigación resultantes. Ademais dos contidos exixidos en función da súa forma xurídica, os estatutos deberanse axustar aos seguintes principios organizativos:

a) Estableceranse mecanismos de coordinación entre todos os organismos públicos de investigación a través da elaboración dos seus plans plurianuais de acción, da representación recíproca nos consellos reitores e da xestión conxunta de instalacións e servizos. Todos os plans plurianuais de acción terán unha proxección plurianual coincidente no tempo; para o seu deseño e execución poderán incorporar a colaboración do resto dos axentes do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, especialmente de comunidades autónomas e universidades.

b) No seo da Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía estableceranse mecanismos de colaboración dos organismos públicos de investigación cos demais axentes do sistema de ciencia e tecnoloxía das comunidades autónomas en que estean situados os seus centros.

c) Para o cumprimento dos seus fins, os organismos públicos de investigación organizaranse en institutos como núcleo organizativo básico, a través dos cales executarán as súas políticas específicas definidas nos plans plurianuais de acción. Os institutos gozarán de autonomía para a xestión dos recursos que lles sexan asignados, dentro das dispoñibilidades orzamentarias e das limitacións establecidas na normativa aplicable.

Os institutos poderanse organizar con recursos pertencentes a un único organismo ou mediante a asociación con outros axentes do Sistema, a través dos instrumentos previstos nesta lei.

d) Naqueles casos en que se considere necesario para alcanzar a masa crítica precisa para unha actividade de excelencia, poderanse crear centros de investigación ou de prestación de servizos mediante a agrupación, física ou en rede, de institutos do propio organismo público de investigación e/ou doutros axentes asociados, pertencentes á mesma área temática. Os estatutos dos organismos públicos de investigación determinarán a natureza e funcións deses centros, que poderán ter un ámbito de actuación territorial superior ao dos axentes asociados ao organismo público de investigación.

e) Promoverase a investigación en áreas temáticas prioritarias mediante a constitución de unidades de investigación, propias ou en cooperación con outros axentes do Sistema, coa forma xurídica de fundación ou calquera outra adecuada á natureza das funcións que

deban realizar. Estas unidades terán a consideración de centros adscritos ao organismo público de investigación que os promova e estarán suxeitas á súa coordinación e dirección estratéxica.

As fundacións estarán baixo o protectorado establecido pola Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións.

f) Os órganos de goberno dos organismos públicos de investigación poderán contar con membros expertos en investigación científica e técnica, ben como con xestores experimentados.

g) Cada organismo poderá contar cun comité asesor, que estará integrado por expertos en investigación científica e técnica, e cuxas misións incluírán a proposta e o seguimento dos plans plurianuais de acción do organismo.

h) En ningún caso esta reorganización poderá ocasionar incremento do gasto público.

Disposición adicional novena. *Protección de datos de carácter persoal.*

1. O establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, será de aplicación ao tratamento e cesión de datos derivados do disposto nesta lei.

2. Os axentes públicos de financiamento e de execución deberán adoptar as medidas de índole técnica e organizativa necesarias que garantan a seguranza dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, tratamento ou acceso non autorizados.

3. O Goberno regulará, logo de informe da Axencia Española de Protección de Datos, o contido académico e científico dos currículos do persoal docente e investigador de universidades e do persoal investigador que os axentes de financiamento e de execución poden facer público sen o consentimento previo dese persoal.

Disposición adicional décima. *Informes de avaliación de solicitudes de axudas do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica.*

1. No marco dos procedementos de concesión de axudas do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica, serán preceptivos e vinculantes, cos efectos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os informes do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial (CDTI), ou da Axencia Nacional de Avaliación e Prospectiva (ANAP) ou do órgano equivalente que se determine no seo da Axencia Estatal de Investigación.

2. Con obxecto de facilitar a avaliación da solicitude, e no marco dos procedementos antes indicados, as ordes de bases poderán prever os supostos en que unha oficina de propiedade industrial deba emitir un informe tecnolóxico de patentes.

Disposición adicional décimo primeira. *Subvencións e axudas concedidas pola Administración xeral do Estado.*

1. As bases reguladoras de subvencións e axudas impulsarán a aplicación das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos de xestión para reducir ou suprimir a documentación requirida e reducir os prazos e tempos de resposta.

2. A Administración xeral do Estado promoverá a celebración de convenios coas comunidades autónomas e, se for o caso, coas universidades, co obxecto de coordinar o réxime de control dos axentes públicos de investigación e posibilitar a extensión do réxime de conta xustificativa simplificada previsto na normativa de subvencións, conforme os seguintes requisitos:

a) Salvo que as bases reguladoras establezan outra cosa, cando un organismo ou ente pertencente a unha comunidade autónoma ou universidade perciba do sector público estatal unha subvención ou axuda sometida á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a súa xustificación realizarase conforme o réxime de conta xustificativa

simplificada, sen que resulte de aplicación a contía máxima establecida para tal réxime na normativa de subvencións.

b) A entidade perceptora estará sometida a control financeiro permanente do órgano correspondente da comunidade autónoma ou universidade.

c) A modalidade de xustificación da subvención ou axuda revestirá a forma de conta xustificativa prevista no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

No ámbito do control financeiro permanente de cada entidade revisaranse os sistemas e procesos de xustificación empregados, ben como unha mostra das contas xustificativas presentadas ante os órganos administrativos competentes. Se, como consecuencia da revisión levada a cabo conforme o previsto no número anterior, se observar unha falta de concordancia entre as contas xustificativas presentadas e os rexistros contables ou xustificantes que as acreditan, emitiranse informes separados dirixidos aos órganos concedentes das subvencións ou axudas nos cales se indicarán tales aspectos.

3. As subvencións para a realización de proxectos de investigación científica e técnica que sexan consecuencia de convocatorias públicas efectuadas polas estruturas creadas por varios Estados membros en execución do programa marco plurianual da Unión Europea, ao abeiro do disposto nos artigos 182, 185 e 186 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, seguirán o réxime previsto no artigo 28.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposición adicional décimo segunda. *Autorización legal para a creación da Axencia Estatal de Investigación.*

1. Autorízase o Goberno para a creación de Axencia Estatal de Investigación, orientada ao fomento da xeración do coñecemento en todas as áreas do saber mediante o impulso da investigación científica e técnica, á cal será de aplicación a Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos. A Axencia terá o mesmo réxime fiscal que os organismos autónomos e utilizará como criterio avaliativo para a asignación dos recursos o mérito científico ou técnico.

A creación da Axencia realizarase sen aumento de gasto público e non se financiará con créditos do orzamento financeiro do Estado, salvo nos casos e cos límites que se establezan mediante lei de orzamentos xerais do Estado.

2. O Goberno creará no prazo máximo dun ano a Axencia Estatal de Investigación mediante a aprobación do seu estatuto.

Disposición adicional décimo terceira. *Implantación da perspectiva de xénero.*

1. A composición dos órganos, consellos e comités regulados nesta lei, ben como dos órganos de avaliación e selección do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, axustarase aos principios de composición e presenza equilibrada entre mulleres e homes establecidos pola Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

2. A Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía e o Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica promoverán a incorporación da perspectiva de xénero como unha categoría transversal na investigación e a tecnoloxía, de maneira que a súa relevancia sexa considerada en todos os aspectos do proceso, incluídos a definición das prioridades da investigación científico-técnica, os problemas de investigación, os marcos teóricos e explicativos, os métodos, a recolla e interpretación de datos, as conclusións, as aplicacións e os desenvolvementos tecnolóxicos, e as propostas para estudos futuros. Promoverán igualmente os estudos de xénero e das mulleres, ben como medidas concretas para estimular e dar recoñecemento á presenza de mulleres nos equipos de investigación.

3. O Sistema de Información sobre Ciencia, Tecnoloxía e Innovación recollerá, tratará e difundirá os datos desagregados por sexo e incluírá indicadores de presenza e produtividade.

4. Os procedementos de selección e avaliación do persoal investigador ao servizo das universidades públicas e dos organismos públicos de investigación da Administración

xeral do Estado, e os procedementos de concesión de axudas e subvencións por parte dos axentes de financiamento da investigación, establecerán mecanismos para eliminar os nesgos de xénero que incluírán, sempre que isto for posible, a introdución de procesos de avaliación confidencial.

Estes procesos deberán supor que a persoa avaliadora descoñeza características persoais da persoa avaliada, para eliminar calquera discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

5. A Estratexia Española de Innovación e o Plan Estatal de Innovación promoverán a incorporación da perspectiva de xénero como unha categoría transversal en todos os aspectos do seu desenvolvemento.

6. Os organismos públicos de investigación adoptarán plans de igualdade nun prazo máximo de dous anos despois da publicación desta lei, que serán obxecto de seguimento anual. Estes plans deberán incluír medidas incentivadoras para aqueles centros que melloren os indicadores de xénero no correspondente seguimento anual.

Disposición adicional décimo cuarta. *Outros axentes de execución da Administración xeral do Estado.*

1. O Museo Nacional do Prado, a Biblioteca Nacional de España (BNE), o Instituto de Patrimonio Cultural de España (IPCE), a Filmoteca Española, adscrita ao Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, os museos e arquivos de titularidade e xestión estatal, a Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional, o Centro Nacional de Información Xeográfica, e as reais academias e academias asociadas vinculadas co Instituto de España, terán a condición de axentes de execución para os efectos do disposto nesta lei.

2. Os axentes de execución a que se refire o número anterior poderán contratar persoal investigador de carácter temporal para a realización de proxectos específicos de investigación científica e técnica de acordo co artigo 15.1.a) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

Disposición adicional décimo quinta. *Consideración de actividades prioritarias para efectos da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.*

As leis anuais de orzamentos xerais do Estado que declaren prioritarias de mecenado as referidas actividades de investigación, desenvolvemento e innovación, poderán declarar como beneficiarias do mecenado as institucións de excelencia, para os efectos previstos nos artigos 16 a 24, ambos inclusive, da Lei 49/2002.

Disposición adicional décimo sexta. *Investigadores dos programas Ramón y Cajal e Miguel Servet.*

1. Serán de aplicación os efectos establecidos polo artigo 22, números 3 e 4 desta lei, ao persoal investigador do programa ou subprograma Ramón y Cajal e Miguel Servet do Ministerio de Ciencia e Innovación, que superase a dobre avaliación referida ao informe da cuarta anualidade do contrato establecido no Programa Ramón y Cajal e da terceira e última anualidade do Programa Miguel Servet, e ao cumprimento da posesión dunha traxectoria investigadora destacada para os efectos do Programa de incentiación da incorporación e intensificación da actividade investigadora no marco do Plan Nacional de Investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica.

2. Igualmente, serán de aplicación os efectos establecidos polo artigo 22 números 3 e 4 desta lei, ao persoal investigador dos programas ou subprogramas Ramón y Cajal e Miguel Servet do Ministerio de Ciencia e Innovación, que supere unha avaliación similar á prevista no artigo 22.2 desta lei. Nesa avaliación, o informe externo será o previsto para a cuarta anualidade ou última anualidade do contrato establecido neses programas ou subprogramas.

3. Na oferta de emprego público, o Ministerio de Ciencia e Innovación, polo que se refire ás prazas para ingreso como persoal investigador laboral fixo, orientará a súa petición

tendo en conta os contratos de carácter temporal celebrados como persoal investigador do programa ou subprograma Ramón y Cajal para mozos investigadores.

Disposición adicional décimo sétima. *Mecanismos para facilitar a participación de entidades, persoal ou grupos de investigación españois nos Consorcios de Infraestructuras de Investigación Europeas (ERIC).*

Habílitate o Goberno para que aprobe as normas oportunas para facilitar a participación de entidades, persoal ou grupos de investigación españois nos consorcios de infraestructuras de investigación europeas (ERIC) creados segundo as normas da Unión Europea relativas a eles.

Disposición adicional décimo oitava. *Seguridade Social no contrato de predoutoramento.*

Establécese unha redución do 30% da cota empresarial á Seguridade Social por continxencias comúns na cotización relativa ao persoal investigador contratado baixo a modalidade de contrato de predoutoramento establecida no artigo 21 desta lei, que quedará acollido ao réxime xeral da Seguridade Social.

Disposición adicional décimo novena. *Compensación económica por obras de carácter intelectual.*

1. Nos casos en que os dereitos de explotación da obra de carácter intelectual creada correspondan a un centro público de investigación, o persoal dedicado á investigación terá dereito a unha compensación económica en atención aos resultados na produción e explotación da obra, que se fixará en atención á importancia comercial daquela e tendo en conta as achegas propias do empregado.

2. As modalidades e contía da participación do persoal investigador dos centros públicos de investigación nos beneficios que se obteñan da explotación ou cesión dos dereitos regulados no parágrafo anterior, serán establecidas polo Goberno, polas comunidades autónomas ou polas universidades, atendendo ás características concretas de cada centro de investigación. A participación nos beneficios non terá en ningún caso a consideración dunha retribución ou salario para o persoal investigador.

Disposición adicional vixésima. *Regulación dos centros de investigación propios das comunidades autónomas con competencia exclusiva.*

Os centros e estruturas de investigación propios dunha comunidade autónoma que asumise estatutariamente a competencia exclusiva para a regulación dos seus propios centros de investigación rexeranse pola normativa aprobada para tal efecto pola súa comunidade autónoma, sen prexuízo do disposto na disposición derradeira novena respecto da extensión a aqueles dos artigos de carácter básico ou de aplicación xeral desta lei.

Para os efectos do parágrafo anterior, entenderase por centros e estruturas de investigación propios aqueles que estean participados maioritariamente no seu capital ou fondo patrimonial ou no seu órgano de goberno pola comunidade autónoma ou por entidades do seu sector público, ou cuxos orzamentos se doten ordinariamente en máis dun 50% con subvencións ou outros ingresos procedentes da Administración da comunidade autónoma ou de entidades do seu sector público.

No caso dos centros e estruturas de investigación en que participen de forma maioritaria entidades que forman parte do sector público da Administración xeral do Estado ou de comunidades autónomas que asumisen estatutariamente competencia exclusiva para a regulación dos seus propios centros de investigación, entenderase para os efectos da aplicación da normativa pública, que forman parte do sector público que deteña unha participación que, aínda sendo minoritaria, sexa superior á de cada unha das restantes entidades públicas, consideradas individualmente.

Para o cálculo dos cómputos de participación, non se terán en consideración as contribucións económicas que, con carácter individual e específico, se realicen a cargo dos orzamentos xerais do Estado.

Disposición adicional vixésimo primeira. *Regulación das entidades de investigación compartidas entre o Estado e as comunidades autónomas.*

As entidades de investigación dependentes, creadas ou participadas a partes iguais pola Administración xeral do Estado ou polos seus organismos e entidades, e por unha comunidade autónoma ou polos seus organismos e entidades, rexeranse pola normativa que indiquen as normas ou os instrumentos xurídicos de creación.

Disposición adicional vixésimo segunda. *Aplicación do artigo 18 desta lei.*

O artigo 18 desta lei tamén será de aplicación ao persoal investigador que, con anterioridade á entrada en vigor desta lei, estivese a prestar os seus servizos nas sociedades creadas ou participadas polas entidades a que alude o número 1 do dito artigo, sempre que a excepción sexa autorizada polas universidades públicas, polo Ministerio de Política Territorial e Administración Pública ou polas autoridades competentes das administracións públicas, segundo corresponda.

Disposición adicional vixésimo terceira. *Normas comúns aos contratos para a realización de proxectos específicos de investigación científica e técnica.*

De acordo co sinalado no número 2 da disposición adicional décimo quinta do Estatuto dos traballadores, non se aplicará o disposto no seu artigo 15.1.a) en materia de duración máxima do contrato por obra ou servizo aos contratos para a realización de proxectos específicos de investigación científica e técnica a que se refiren os artigos, 20.2, 26.7 e 30 e o número 2 da disposición adicional décimo cuarta desta lei.

Tampouco lles resultará de aplicación o disposto nos parágrafos primeiro e segundo do artigo 15.5 do Estatuto dos traballadores, de acordo co previsto no número 3 da disposición adicional décimo quinta do Estatuto dos traballadores.

Disposición adicional vixésimo cuarta. *Réxime aplicable aos sistemas de concerto e convenio.*

1. En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Foral de Navarra do disposto nesta lei levarase a cabo segundo o establecido no artigo 64 da Lei orgánica de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra, conforme o disposto no Convenio Económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra.

2. O disposto na presente lei entenderase sen prexuízo das competencias transferidas á Comunidade Autónoma do País Vasco en materia de investigación e desenvolvemento científico e técnico, e innovación, conforme os termos determinados no Real decreto 3/2009, do 9 de xaneiro, sobre traspaso de funcións.

Para garantir unha adecuada colaboración entre a Administración xeral do Estado e a Administración da Comunidade Autónoma vasca nesta materia articularanse os adecuados instrumentos de cooperación, de acordo co establecido no citado Real decreto 3/2009, do 9 de xaneiro, nos termos fixados no Acordo da Comisión Mixta de Transferencias que figura como anexo daquel.

Disposición adicional vixésimo quinta. *Promoción interna horizontal ás escalas de profesores de investigación de organismos públicos de investigación e investigadores científicos de organismos públicos de investigación.*

O Ministerio de Ciencia e Innovación, na primeira oferta pública de emprego que se aprobe despois da entrada en vigor desta lei, na súa petición de prazas de persoal investigador incluírá de modo preferente prazas das escalas de profesores de investigación e investigadores científicos de organismos públicos de investigación para que a través do

sistema de promoción interna horizontal poidan acceder ás citadas escalas os funcionarios pertencentes á escala de científicos titulares de organismos públicos de investigación cando demostren estar en posesión dos requisitos e méritos para ingresar nelas nos termos previstos nesta lei.

Disposición adicional vixésimo sexta. *Os centros tecnolóxicos e centros de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito estatal.*

1. Considéranse centros tecnolóxicos aquelas entidades sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e residentes en España, que gocen de personalidade xurídica propia e sexan creadas co obxecto, declarado nos seus estatutos, de contribuír ao beneficio da sociedade e á mellora da competitividade das empresas mediante a xeración de coñecemento tecnolóxico, realizando actividades de I + D + i e desenvolvendo a súa aplicación.

Esta función de aplicación do coñecemento comprenderá, entre outras, a realización de proxectos de I + D + i con empresas, a intermediación entre os xeradores do coñecemento e as empresas, a prestación de servizos de apoio á innovación e a divulgación mediante actividades de transferencia de tecnoloxía e formativas.

2. Terán a consideración de centros de apoio á innovación tecnolóxica aquelas entidades sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e residentes en España, que gocen de personalidade xurídica propia e sexan creadas co obxecto, declarado nos seus estatutos, de facilitar a aplicación do coñecemento xerado nos organismos de investigación, incluídos os centros tecnolóxicos, mediante a súa intermediación entre estes e as empresas, proporcionando servizos de apoio á innovación.

3. O Goberno, por proposta do Ministerio de Ciencia e Innovación, regulará o rexistro de centros tecnolóxicos e centros de apoio á innovación tecnolóxica de carácter estatal.

Disposición adicional vixésimo sétima. *Réxime xurídico do Instituto de Astrofísica de Canarias.*

1. O consorcio público Instituto de Astrofísica de Canarias, creado polo Real decreto lei 7/1982, do 30 de abril, polo que se crea o Instituto de Astrofísica de Canarias e se establece o seu réxime xurídico, e integrado pola Administración xeral do Estado, a Administración Pública da Comunidade Autónoma de Canarias, a Universidade de La Laguna e o Consello Superior de Investigacións Científicas, réxese polo disposto na presente lei e nos seus respectivos estatutos.

O Instituto de Astrofísica de Canarias ten a consideración de organismo público de investigación da Administración xeral do Estado.

O consorcio terá vixencia indefinida. Non obstante, as administracións consorciadas poderán desvincularse del ou promover a súa extinción na forma prevista nos estatutos.

2. O Instituto de Astrofísica de Canarias ten personalidade xurídica e capacidade de obrar para o cumprimento dos fins seguintes:

a) Realizar e promover calquera tipo de investigación astrofísica ou relacionada con ela, ben como desenvolver e transferir a súa tecnoloxía.

b) Difundir os coñecementos astronómicos, colaborar no ensino universitario especializado de astronomía e astrofísica e formar e capacitar persoal científico e técnico en todos os campos relacionados coa astrofísica.

c) Administrar os centros, observatorios e instalacións astronómicas xa existentes e os que no futuro se creen ou incorporen á súa administración, ben como as dependencias ao seu servizo.

d) Fomentar as relacións coa comunidade científica nacional e internacional.

3. Os estatutos do consorcio, que deberán ser aprobados polo consello reitor antes do comezo do exercicio económico seguinte ao da entrada en vigor desta lei, determinarán as peculiaridades do seu réxime orgánico, funcional e financeiro.



A aprobación dos estatutos require o voto favorable dos representantes da Administración xeral do Estado e da Administración pública da comunidade autónoma de Canarias no órgano a que se refire o parágrafo anterior.

Até se aprobaren os estatutos, seguirá sendo de aplicación ao consorcio o réxime xurídico resultante do Real decreto lei 7/1982, do 30 de abril, e as súas disposicións de desenvolvemento.

4. O órgano supremo do consorcio será o consello reitor, no cal deberán estar representadas as entidades que o conforman, na proporción que se fixe nos estatutos.

Até a aprobación e entrada en vigor dos estatutos, continuarán en funcionamento os órganos de decisión e xestión do consorcio regulados na normativa vixente. Unha vez constituídos os órganos previstos nos estatutos, quedarán extinguidos aqueles e serán substituídos por estes.

5. O director do Instituto é o órgano executivo do consello reitor e, así mesmo, correspóndelle resolver sobre as cuestións de índole científica, polo que debe ser un astrofísico de prestixio recoñecido.

6. Os medios materiais ao servizo do consorcio para o cumprimento dos seus fins comprenden:

a) Os bens e valores que integren o seu patrimonio, xunto cos produtos e rendas obtidos del, subvencións e, en xeral, cantos recursos perciba.

En caso de disolución do consorcio, as administracións consorciadas fixarán libremente o destino deste patrimonio.

b) Bens adscritos ou cedidos en calquera outro réxime por persoal ou entidades nacionais ou estranxeiras que conserven a titularidade daqueles.

Se respecto a estes bens os órganos de goberno do consorcio estimaren conveniente a realización de actos de disposición, porano en coñecemento da persoa ou entidade titular deles para que esta decida o que corresponda, con suxeición, cando for o caso, ao procedemento que por razón da natureza dos bens sexa de aplicación.

Producida a disolución do consorcio, reverterán plenamente estes bens ás persoas ou entidades que manteñan a súa titularidade.

7. Os medios persoais ao servizo do consorcio para o cumprimento dos seus fins poderán comprender:

a) Persoal laboral propio, contratado nos termos previstos nesta lei para o persoal laboral ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado e nos estatutos do consorcio.

b) Persoal funcionario propio, pertencente ás escalas previstas nesta lei para os organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.

c) Persoal, funcionario ou laboral, pertencente ás administracións consorciadas. Este persoal quedará adscrito ao consorcio como persoal vinculado, mantendo a situación administrativa ou laboral que tivese nas súas administracións de orixe.

d) Persoal ao servizo doutras institucións ou entidades, públicas ou privadas, adscritos ao consorcio na forma prevista nos estatutos e logo de convenio coa respectiva institución ou entidade.

Será de aplicación ao persoal ao servizo do consorcio o réxime xurídico establecido nesta lei, co carácter que corresponda segundo a Administración a que pertenza o persoal.

O persoal funcionario que, ao abeiro do Real decreto lei 7/1982, do 30 de abril, polo que se crea o Instituto de Astrofísica de Canarias e se establece o seu réxime xurídico, estea a prestar os seus servizos no consorcio no momento da entrada en vigor desta lei, conservará a súa condición de funcionario da Administración xeral do Estado, e integrarase nas escalas dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado creados por ela, nos mesmos termos que o resto dos funcionarios afectados polas disposicións adicionais quinta, sexta e sétima desta lei.

Todas as facultades, dereitos e obrigas, respecto do persoal funcionario e laboral que, conforme este artigo, preste servizos no consorcio público Instituto de Astrofísica de Canarias, corresponderán exclusivamente a esa entidade, que os exercerá a través dos órganos que se determinen a través dos seus estatutos. Especificamente corresponderán aos órganos competentes do consorcio o exercicio das funcións relativas á organización, sistema de postos, condicións de traballo e as previstas na normativa reguladora do réxime disciplinario.

8. O Instituto de Astrofísica de Canarias ten a condición de medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado e poderá asumir as encomendas de xestión realizadas polos departamentos ministeriais con competencias na materia para a realización de actuacións referidas á investigación astrofísica.

As encomendas de xestión serán de execución obrigatoria para o Instituto de Astrofísica de Canarias, retribuiranse mediante tarifas ou retribucións suxeitas ao réxime previsto no parágrafo seguinte, e levarán aparellada a potestade para o órgano que confire a encarga de ditar as instrucións necesarias para a súa execución.

A tarifa ou retribución da encomenda deberá cubrir o valor das prestacións encargadas, tendo en conta para o seu cálculo os custos directos e os indirectos, ben como as marxes razoables, acordos co importe daquelas prestacións, para atender desviacións e imprevistos.

A contía da tarifa ou retribución será fixada pola persoa titular do Ministerio de Ciencia e Innovación.

O Instituto de Astrofísica de Canarias, actuando co carácter de medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado, non poderá participar en licitacións públicas convocadas polos poderes adjudicadores pertencentes a ela sen prexuízo de que, cando non concorra ningún licitador, poida encargárselle a execución da prestación obxecto das licitacións.

A Comunidade Autónoma de Canarias poderá outorgar ao Instituto de Astrofísica de Canarias a condición de medio propio e servizo técnico nos termos que estableza a súa lexislación específica.

9. O consorcio asume as funcións, dereitos e obrigas que corresponden ao Instituto de Astrofísica de Canarias, de conformidade co Acordo de cooperación en materia de astrofísica asinado o 26 de maio de 1979 entre os gobernos do Reino de España, do Reino de Dinamarca, do Reino de Gran Bretaña e Irlanda do Norte e do Reino de Suecia, e o Protocolo sobre cooperación en materia de astrofísica, asinado na mesma data polo Consello Superior de Investigacións Científicas de España, a Secretaria de Investigación de Dinamarca, o Consello de Investigacións Científicas do Reino Unido e a Real Academia de Ciencias de Suecia, ben como as súas sucesivas prórrogas e adendas.

Así mesmo, mantense a subrogación nos dereitos e obrigas de natureza contractual que o Instituto de Astrofísica de Canarias, dependente do Consello Superior de Investigacións Científicas, adquirise con anterioridade ao momento da entrada en vigor do Real decreto lei 7/1982, do 30 de abril, e especialmente no convenio de cooperación celebrado o 16 de setembro de 1975 entre o Consello Superior de Investigacións Científicas, a Universidade de La Laguna e a Mancomunidade Provincial interinsular de Santa Cruz de Tenerife.

10. As administracións competentes iniciarán os trámites para a transmisión ao consorcio Instituto de Astrofísica de Canarias dos títulos representativos do capital social da sociedade mercantil Gran Telescopio de Canarias, S.A.

11. A modificación do réxime xurídico previsto nesta disposición para o Instituto de Astrofísica de Canarias non poderá ocasionar incremento de gasto público en ningunha das administracións consorciadas.

12. O Instituto de Astrofísica de Canarias está suxeito aos límites sobre oferta de emprego público e incrementos retributivos que establecen as leis de orzamentos xerais do Estado.

Disposición adicional vixésimo oitava. *Programas de axudas á investigación dirixidas ao persoal de investigación.*

Os programas de axudas á investigación que impliquen a realización de tarefas de investigación en réxime de prestación de servizos por persoal de investigación deberán establecer a contratación laboral dos seus beneficiarios por parte das entidades a que se adscriban, mediante a formalización dun contrato laboral de acordo co establecido no texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo e no convenio colectivo vixente na entidade de adscrición.

Disposición transitoria primeira. *Órganos subsistentes.*

1. Até a entrada en funcionamento dos órganos de gobernanza establecidos nesta lei, continuarán realizando as súas funcións o Consello Asesor para a Ciencia e a Tecnoloxía e o Consello Xeral da Ciencia e a Tecnoloxía previstos na Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.

2. A creación da Comisión Delegada do Goberno para Política Científica, Tecnolóxica e de Innovación será acordada polo Consello de Ministros, mediante real decreto, por proposta do presidente do Goberno. Até ese momento continuará realizando as súas funcións a Comisión Delegada do Goberno para Política Científica e Tecnolóxica.

Disposición transitoria segunda. *Subsistencia do Plan Nacional de Investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica.*

O Plan Nacional de Investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2008-2011, aprobado polo Consello de Ministros na súa reunión do 14 de setembro de 2007, continuará vixente até a súa finalización.

Disposición transitoria terceira. *Subsistencia da Estratexia Nacional de Ciencia e Tecnoloxía.*

A Estratexia Nacional de Ciencia e Tecnoloxía aprobada na III Conferencia de presidentes, que tivo lugar o 11 de xaneiro de 2007, continuará vixente até a súa substitución pola Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía prevista nesta lei.

Disposición transitoria cuarta. *Programas de axuda á formación do persoal investigador.*

1. Os programas de axuda ao persoal investigador en formación financiados con fondos públicos, incluídos no ámbito de aplicación do Real decreto 63/2006, do 27 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador en formación, existentes no momento da entrada en vigor do artigo 21 desta lei, deberanse adaptar ao contido do dito artigo unicamente polo que respecta ás convocatorias que se publiquen a partir dese momento.

2. Para as convocatorias de axudas ao persoal investigador en formación que se encontren en execución no momento da entrada en vigor do artigo 21 desta lei, continuará en vigor a situación xurídica de bolsa durante os dous primeiros anos desde a concesión da axuda, e para a situación xurídica de contrato continuarase utilizando a modalidade de contrato de traballo en prácticas, segundo o establecido polo Real decreto 63/2006, do 27 de xaneiro.

3. Os contratos laborais financiados por programas de axuda ao persoal investigador en formación que xa se tiveren suscrito no momento da entrada en vigor do artigo 21 desta lei manteranse na súa forma xurídica inicial até finalizaren a súa vixencia.

Disposición transitoria quinta. *Sistemas de avaliación do desempeño e réxime transitorio retributivo das escalas científicas dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.*

O persoal investigador funcionario que se integre nas escalas de profesores de investigación de organismos públicos de investigación, de investigadores científicos de

organismos públicos de investigación, e de científicos titulares de organismos públicos de investigación, manterá o sistema retributivo aplicable á correspondente escala suprimida de que proceda até o 31 de decembro de 2013 incluído. Até esa data, manterán tamén a súa vixencia os actuais sistemas de avaliación do desempeño do persoal investigador funcionario ao servizo dos organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado.

A partir do 1 de xaneiro de 2014 incluído, seralle de aplicación o sistema retributivo establecido no artigo 25.5 e na disposición adicional sétima, números 1, 2 e 3, desta lei.

Disposición transitoria sexta. *Subsistencia da Estratexia Estatal de Innovación.*

A Estratexia Estatal de Innovación, aprobada polo Consello de Ministros na súa reunión do 2 de xullo de 2010, continuará vixente até a súa substitución pola Estratexia Española de Innovación e o Plan Estatal de Innovación.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa e vixencia de normas.*

1. Quedan derogadas as disposicións xerais que se opoñan ao disposto nesta lei e, en particular:

a) A Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.

b) O Real decreto lei 7/1982, do 30 de abril, polo que se crea o Instituto de Astrofísica de Canarias e se establece o seu réxime xurídico, a partir do momento en que se aproben os estatutos do consorcio público Instituto de Astrofísica de Canarias, de conformidade co disposto na disposición adicional vixésimo sétima desta lei.

2. O Real decreto 1406/1986, do 6 de xuño, polo que se aproba o Regulamento do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial, manterá a súa plena vixencia, salvo naqueles preceptos que puideren verse afectados pola presente lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.*

A Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, queda modificada da seguinte maneira:

Un. Dáse nova redacción ao parágrafo primeiro do artigo 4.2, que queda redactado como segue:

«2. Ao persoal docente e investigador da universidade poderá autorizárselle, cumpridas as restantes exixencias desta lei, a compatibilidade para o desempeño dun segundo posto de traballo no sector público sanitario ou de carácter exclusivamente investigador en centros de investigación do sector público, incluíndo o exercicio de funcións de dirección científica dentro dun centro ou estrutura de investigación, dentro da área de especialidade do seu departamento universitario, e sempre que os dous postos veñan regulamentariamente autorizados como de prestación a tempo parcial.»

Dous. Dáse nova redacción ao artigo 6, que queda redactado como segue:

«Artigo 6.

1. Sen prexuízo do previsto no artigo 4.3, excepcionalmente poderá autorizarse ao persoal incluído no ámbito desta lei a compatibilidade para o exercicio de actividades de investigación de carácter non permanente, ou de asesoramento científico ou técnico en supostos concretos, que non correspondan ás funcións do persoal adscrito ás respectivas administracións públicas.

Tal excepción acreditarase pola asignación da encarga en concurso público, ou por requirir especiais cualificacións que soamente teñan persoas afectadas polo ámbito de aplicación desta lei.

2. O persoal investigador ao servizo dos organismos públicos de investigación, das universidades públicas e doutras entidades de investigación dependentes das administracións públicas poderá ser autorizado para prestar servizos en sociedades creadas ou participadas por eles nos termos establecidos nesta lei e na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, polo Ministerio da Presidencia ou polos órganos competentes das universidades públicas ou das administracións públicas.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes de invención e modelos de utilidade.*

O número 9 do artigo 20 da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes de invención e modelos de utilidade, queda redactado como segue:

«9. As modalidades e contía da participación do persoal investigador de entes do sector público de investigación nos beneficios que se obteñan da explotación ou cesión dos seus dereitos sobre as invencións mencionadas no número 8 deste artigo serán establecidas polo Goberno, atendendo ás características concretas de cada ente de investigación. Esta participación non terá en ningún caso natureza retributiva ou salarial. As comunidades autónomas poderán desenvolver por vía regulamentaria réximes específicos de participación en beneficios para o persoal investigador de entes públicos de investigación da súa competencia.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.*

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, queda modificada da seguinte maneira:

Un. Dáse nova redacción ao artigo 7 nos seguintes termos:

«Artigo 7. *Centros e estruturas.*

As universidades públicas estarán integradas por escolas, facultades, departamentos, institutos universitarios de investigación, escolas de doutoramento e por aqueles outros centros ou estruturas necesarios para o desempeño das súas funcións.»

Dous. Modifícase o enunciado do artigo 8 e engádese un número 4 coa seguinte redacción:

«Artigo 8. *Facultades, escolas e escolas de doutoramento.*

4. As escolas de doutoramento son unidades creadas por unha ou varias universidades, por si mesmas ou en colaboración con outros organismos, centros, institucións e entidades con actividades de I + D + i, nacionais ou estranxeiras, que teñen por obxecto fundamental a organización, dentro do seu ámbito de xestión, do doutoramento nunha ou varias ramas de coñecemento ou con carácter interdisciplinar.

As universidades poderán crear escolas de doutoramento de acordo co previsto na súa propia normativa e na da respectiva comunidade autónoma. A súa creación deberá ser notificada ao Ministerio de Educación, para efectos da súa inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos.»

Tres.

A) Modifícase a rúbrica do título IV do seguinte modo:

## «TÍTULO IV

### **Coordinación, cooperación e colaboración universitaria»**

B) Engádesse un artigo 30 bis, co seguinte teor:

«Artigo 30 bis. *Cooperación entre universidades.*

As universidades, para o mellor cumprimento das súas funcións ao servizo da sociedade, poderán cooperar entre elas, con organismos públicos de investigación, con empresas e con outros axentes do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación ou pertencentes a outros países, mediante a creación de alianzas estratéxicas que permitan desenvolver programas e proxectos de excelencia nacional e internacional.

O Ministerio de Educación poderá impulsar estes procesos de cooperación para a excelencia, mediante a súa participación neses programas e proxectos.»

C) Engádesse un artigo 30 ter, co seguinte teor:

«Artigo 30 ter. *Convenios de colaboración para a creación e financiamento de escolas de doutoramento.*

Os axentes públicos do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, incluídos os organismos públicos de investigación e os centros e institucións do Sistema Nacional de Saúde, poderán subscribir convenios de colaboración entre si ou con axentes de execución privados nacionais, supranacionais ou estranxeiros, para a creación ou financiamento conxunto de escolas de doutoramento. En todo caso, para a formalización dos referidos convenios será precisa a participación de, ao menos, unha universidade española á cal corresponderá a expedición dos títulos de doutor de acordo co previsto na normativa vixente.

Estes convenios quedarán suxeitos ao dereito administrativo, e neles incluírase a totalidade das achegas realizadas polos intervenientes. O obxecto destes convenios non poderá coincidir co de ningún dos contratos regulados na lexislación sobre contratos do sector público.»

Catro. Introdúcese un número 3 bis no artigo 48, coa seguinte redacción:

«3 bis. Así mesmo, poderán contratar persoal investigador conforme o previsto na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.»

Cinco. Dáse nova redacción ao número 4 do artigo 48, nos seguintes termos:

«4. O persoal docente e investigador contratado, computado en equivalencias a tempo completo, non poderá superar o 49 por cento do total de persoal docente e investigador da universidade. Non se computará como profesorado contratado os que non impartan docencia nas ensinanzas conducentes á obtención dos títulos oficiais ben como o persoal propio dos institutos de investigación adscritos á universidade e das escolas de doutoramento.»

Seis. O número 2 do artigo 57 queda redactado como segue:

«2. A acreditación será levada a cabo mediante o exame e xuízo sobre a documentación presentada polos solicitantes, por comisións compostas por, ao menos, sete profesoras e profesores de recoñecido prestixio docente e investigador contrastado pertencentes aos corpos de funcionarios docentes universitarios. Tales profesores deberán ser catedráticos para a acreditación ao corpo de catedráticos de universidade, e catedráticos e profesores titulares para a acreditación ao corpo de profesores titulares de universidade.

Igualmente, teñan ou non unha relación de servizos coa universidade e con independencia do tipo de relación, poderán formar parte destas comisións expertos españois, ben como até un máximo de dous expertos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea ou estranxeiros. Estes expertos deberán poder ser considerados profesionais de recoñecido prestixio científico ou técnico.

Os currículos dos membros das comisións de acreditación faranse públicos após o seu nomeamento.

Regulamentariamente establecerase a composición das comisións reguladas neste número, a forma de determinación dos seus compoñentes, ben como o seu procedemento de actuación e os prazos para resolver. En todo caso, deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, procurando unha composición equilibrada entre mulleres e homes, salvo que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas, debidamente motivadas.»

Sete. Engádesse un número 5 ao artigo 80, coa seguinte redacción:

«5. Formarán parte do patrimonio da universidade os dereitos de propiedade industrial e propiedade intelectual de que esta sexa titular como consecuencia do desempeño polo persoal da universidade das funcións que lles son propias. A administración e xestión deses bens axustarase ao previsto para tal efecto na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.»

Oito. Engádesse un último parágrafo ao artigo 82, coa seguinte redacción:

«Para os efectos previstos na alínea q) do artigo 4 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, as universidades terán a consideración de organismo público de investigación.»

Nove. Dáse nova redacción ao artigo 84, que queda redactado como segue:

«Artigo 84. *Creación de fundacións e outras persoas xurídicas.*

Para a promoción e desenvolvemento dos seus fins, as universidades, por si soas ou en colaboración con outras entidades públicas ou privadas, e coa aprobación do Consello Social, poderán crear empresas, fundacións ou outras persoas xurídicas de acordo coa lexislación xeral aplicable. Será de aplicación o disposto na Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, ben como na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

A dotación fundacional ou a achega ao capital social e calquera outra achega ás entidades que prevé o parágrafo anterior, que se realicen con cargo aos orzamentos da universidade, quedarán sometidas á normativa vixente nesta materia.

As entidades en cuxo capital ou fondo patrimonial equivalente teñan participación maioritaria as universidades quedan sometidas á obriga de render contas nos mesmos prazos e procedemento que as propias universidades.»

Dez. Engádesse un número 1 bis á disposición adicional décima, coa seguinte redacción:

«1 bis. Será de aplicación ao persoal docente e investigador das universidades públicas a regulación de mobilidade do persoal de investigación prevista na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.»

Once. Engádesse un número 3 á disposición adicional décima, coa seguinte redacción:

«3. O persoal pertencente aos corpos docentes universitarios poderá ocupar postos de traballo adscritos a organismos públicos de investigación para realizar labores relacionados coa investigación científica e técnica, mediante os mecanismos de mobilidade previstos na normativa de función pública.»

Doce. Engádesse unha sección III, nos seguintes termos:

«Sección III. Funcións de dirección de tese de doutoramento

O persoal investigador en posesión do título de doutor pertencente aos organismos públicos de investigación poderá realizar funcións de dirección de tese de doutoramento, logo de acordo do órgano responsable do programa de doutoramento da respectiva universidade.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.*

A Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, queda modificada da seguinte maneira:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 3, que queda redactado como segue:

«1. Que persigan fins de interese xeral, como poden ser, entre outros, os de defensa dos dereitos humanos, das vítimas do terrorismo e actos violentos, os de asistencia social e inclusión social, cívicos, educativos, culturais, científicos, deportivos, sanitarios, laborais, de fortalecemento institucional, de cooperación para o desenvolvemento, de promoción do voluntariado, de promoción da acción social, defensa do ambiente, de promoción e atención ás persoas en risco de exclusión por razóns físicas, económicas ou culturais, de promoción dos valores constitucionais e defensa dos principios democráticos, de fomento da tolerancia, de fomento da economía social, de desenvolvemento da sociedade da información, de investigación científica, desenvolvemento ou innovación tecnolóxica e de transferencia cara ao tecido produtivo como elemento impulsor da produtividade e competitividade empresarial.»

Dous. Engádesse unha alínea e) ao artigo 16, coa seguinte redacción:

«e) Os organismos públicos de investigación dependentes da Administración xeral do Estado.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

Modifícase o número 3 do artigo 31, que queda redactado como segue:

«3. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se tiver realizado con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán incluírse na xustificación ou, se for o caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.*

Engádesse un número 4 ao artigo 67 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, coa seguinte redacción:



«4. O persoal estatutario poderá ser declarado na situación de excedencia temporal nos termos e cos efectos establecidos pola Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación da Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e os produtos sanitarios.*

Modifícase o número 1 do artigo 3 da Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e os produtos sanitarios, que queda redactado como segue:

«1. Sen prexuízo das incompatibilidades establecidas para o exercicio de actividades públicas, o exercicio clínico da medicina, da odontoloxía e da veterinaria e outras profesións sanitarias con facultade para prescribir ou indicar a dispensación dos medicamentos será incompatible con calquera clase de intereses económicos directos derivados da fabricación, elaboración, distribución e comercialización dos medicamentos e produtos sanitarios. Exceptúase do anterior o establecido na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, respecto á participación do persoal dos centros de investigación dependentes das administracións públicas nas entidades creadas ou participadas por aqueles, co obxecto previsto nela.»

Disposición derradeira oitava. *Modificación da Lei 14/2007, do 3 de xullo, de investigación biomédica.*

A Lei 14/2007, do 3 de xullo, de investigación biomédica, queda modificada da seguinte maneira:

Un. Modifícase a alínea f) do número 2 do artigo 12 da Lei 14/2007, do 3 de xullo, de investigación biomédica, que queda redactado da seguinte forma:

«f) Desenvolver códigos de boas prácticas de acordo cos principios establecidos polo Comité Español de Ética da Investigación e xestionar os conflitos e expedientes que o seu incumprimento xere.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 78 da Lei 14/2007, do 3 de xullo, de investigación biomédica, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Son funcións do Comité de Bioética de España:

- a) Emitir informes, propostas e recomendacións para os poderes públicos de ámbito estatal e autonómico en asuntos con implicacións bioéticas relevantes.
- b) Emitir informes, propostas e recomendacións sobre materias relacionadas coas implicacións éticas e sociais da biomedicina e ciencias da saúde que o comité considere relevantes.
- c) Representar España nos foros e organismos supranacionais e internacionais implicados na bioética.
- d) Elaborar unha memoria anual de actividades.
- e) Calquera outra que lle encomende a normativa de desenvolvemento desta lei.»

Tres. Modifícase o artigo 85 da Lei 14/2007, do 3 de xullo, de investigación biomédica, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 85. *Actividades investigadoras nos centros do Sistema Nacional de Saúde.*

1. As administracións públicas fomentarán, no marco da planificación dos seus recursos humanos, a incorporación aos servizos de saúde de categorías de persoal investigador en réxime estatutario.

No suposto de centros vinculados, concertados ou acollidos ás novas formas de xestión do Sistema Nacional de Saúde da Lei 15/1997, do 25 de abril, a incorporación de persoal investigador realizarase no réxime xurídico que corresponda.

En ambos os supostos, a incorporación realizarase a través dos procedementos de selección legalmente establecidos que, en todo caso, se aterán aos principios reitores de acceso ao emprego público a que se refire o artigo 55 da Lei 7/2007, do 12 de abril.

2. Os centros do Sistema Nacional de Saúde, incluídos os que se citan no parágrafo segundo do número anterior, cando sexan beneficiarios de axudas ou subvencións públicas que inclúan no seu obxecto a contratación de persoal investigador, poderán contratar persoal laboral investigador consonte as modalidades contractuais reguladas nos artigos 21 e 22 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, e de acordo co preceptuado nesa lei.

No caso do contrato de acceso ao Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación recollido no artigo 22 citado, os centros poderán contratar doutores ou especialistas que superasen a formación sanitaria especializada. A avaliación indicada nese artigo valorarase da forma que se estableza regulamentariamente.

3. As actividades de investigación, ben como a mobilidade nacional e internacional con fins de investigación, teranse en conta nos baremos de méritos para o acceso, promoción e, se for o caso, desenvolvemento e carreira dos profesionais do Sistema Nacional de Saúde que desenvolven actividade asistencial e/ou investigadora.

4. No ámbito dos respectivos servizos de saúde arbitraranse medidas que favorezan a actividade asistencial e investigadora dos seus profesionais, a participación destes en programas internacionais de investigación e a súa compatibilidade coa realización de actividades noutros organismos de investigación, con suxeición ao previsto na Lei 53/1984, do 26 de decembro e, se for o caso, nas leis autonómicas, sobre incompatibilidades.»

Catro. Modifícase o artigo 86 da Lei 14/2007, do 3 de xullo, de investigación biomédica, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 86. *Mobilidade do persoal investigador.*

1. Fomentarase a mobilidade e o intercambio de investigadores vinculados á investigación en saúde de distintos centros no marco nacional e do espazo europeo de investigación e dos acordos de cooperación recíproca con outros Estados.

Os funcionarios pertencentes a corpos ou escalas de investigación e o persoal investigador laboral, poderán ser autorizados para realizar labores relacionados coa investigación científica e tecnolóxica fóra do ámbito orgánico a que estean adscritos, mediante os mecanismos de mobilidade previstos na normativa da función pública e na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

2. O persoal funcionario e o estatutario poderán ser declarados en situación de excedencia temporal para incorporarse a outros axentes públicos ou privados de execución do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación ou a outros axentes internacionais ou estranxeiros, ben como para prestar servizos en sociedades mercantís, nos termos previstos na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.»

Disposición derradeira novena. *Título competencial e carácter de lexislación básica.*

1. Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.15.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva sobre o fomento e a coordinación xeral da investigación científica e técnica.

2. As seguintes disposicións desta lei constitúen regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e o cumprimento

dos deberes constitucionais, de acordo co artigo 149.1.1.<sup>a</sup> da Constitución: disposición adicional décimo terceira.

3. As seguintes disposicións desta lei dítanse ao abeiro do artigo 149.1.7.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva sobre lexislación laboral, e son de aplicación xeral: artigos 16, 17, 18, 20, 21, 22, e 23 e disposición adicional décimo sexta.

4. As seguintes disposicións desta lei dítanse ao abeiro do artigo 149.1.9.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao estado competencia exclusiva sobre lexislación sobre propiedade intelectual e industrial, e son de aplicación xeral: disposición adicional décimo novena e disposición derradeira segunda.

5. A seguinte disposición desta lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado competencia sobre lexislación sobre produtos farmacéuticos e en materia de bases e coordinación xeral da sanidade: disposición derradeira sétima e disposición derradeira oitava.

6. As seguintes disposicións desta lei dítanse ao abeiro do artigo 149.1.14.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva sobre a Facenda xeral: disposición adicional décimo quinta e disposición derradeira cuarta.

7. Teñen o carácter de lexislación básica, de acordo co preceptuado no artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución, as seguintes disposicións desta lei: artigos 16, 17 e 18, disposición adicional décimo primeira, disposición derradeira primeira, disposición derradeira quinta e disposición derradeira sexta.

8. As seguintes disposicións desta lei dítanse ao abeiro do artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva sobre o réxime económico da Seguridade Social: disposición adicional décimo oitava.

9. As seguintes disposicións desta lei dítanse ao abeiro do artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva sobre regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, a fin de garantir o cumprimento das obrigas dos poderes públicos nesta materia: capítulo III do título II e disposición derradeira terceira.

Disposición derradeira décima. *Desenvolvemento regulamentario.*

O Goberno, por proposta do Ministerio de Ciencia e Innovación, ditará no ámbito das súas competencias as disposicións necesarias para a execución e o desenvolvemento do establecido nesta lei.

Disposición derradeira décimo primeira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos seis meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», a excepción das seguintes disposicións:

- a) O artigo 21 entrará en vigor ao ano da publicación desta lei no «Boletín Oficial del Estado».
- b) O número 5 do artigo 25, e os números 1, 2 e 3 da disposición adicional sétima, entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2014.
- c) A disposición adicional décimo segunda entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto, mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 1 de xuño de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO